

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

25 de novembro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señor@s/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten o deputado Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE) nin a deputada Dona María José Pardo Pumar (PP), quen escusan a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Ben, agora si, iniciamos a orde do día do Pleno ordinario de 25 de novembro de 2022.



1.7886.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- No punto 1 da orde do día. Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria do 21 de outubro e ordinaria do 28 de outubro de 2022. ¿Hai algunha aportación? Considero polo tanto aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións, extraordinaria do día 21 de outubro e ordinaria do día 28 de outubro de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7887.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PARA O EJERCICIO DE 2023 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO (EXPTES.- 2022069177 – 2022063204 – 2022043354)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva, no punto 2 da orde do día. Resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio de 2023 e aprobación definitiva do mesmo. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias. La aprobación inicial de la RPT, que se tramita conjuntamente con el presupuesto, tuvo alegaciones de los sindicatos Comisiones y UGT. Han sido estimadas parcialmente porque desde el año 2015 este gobierno ha apostado por el diálogo permanente con la representación laboral. Se realizó una reunión extraordinaria de la Mesa xeral de negociación el lunes 21 de noviembre, donde se llevó la propuesta definitiva y se explicó técnicamente, punto por punto, lo que se planteaba. Es una reunión histórica, una reunión en la que se han acordado temas que van a resolver el futuro y que ya están planteados, porque este gobierno no sólo ha huido de un acto de imposición, que venía de gobiernos anteriores, sino que hemos apostado por el diálogo. Desde el año 2016 este gobierno viene trabajando de forma decidida para optimizar los recursos humanos en dos aspectos: eliminar la precariedad y las situaciones injustas que



vienen de gobiernos del Partido Popular e incrementar el personal técnico, cuestión que por lo debatido anteriormente el Partido Popular desconoce. El balance es que desde el 2016 al 2021 este gobierno ha ofertado 519 plazas que sirvieron para conseguir este doble objetivo, sólo en el año 2022 se ofertaron 97 plazas. Decía que era histórica esa reunión porque hemos dado un primer paso en un gran acuerdo alcanzado con la representación sindical en este año para funcionalizar de forma progresiva a todo el personal que cumpla con los requisitos legales establecidos. Esto ha merecido la felicitación sindical que está en las actas y va a permitir que en un primer turno 74, 80, perdón, trabajadores podrán adquirir la condición de funcionarios de carrera. Sigo con balance, en estos años un total de 690 trabajadores de esta administración han mejorado su relación del servicio público con esta Diputación, es prácticamente el 50% de todo el personal, pero a mayores hemos reducido drásticamente la contratación temporal en procesos de estabilización en los puestos de trabajo a personas que llevaban más de 15 años trabajando absolutamente en precario. Y sigo diciendo que ha sido un acuerdo histórico porque hemos alcanzado otro gran acuerdo y es atender a la demanda sindical del personal para desarrollar el Grupo B en esta Diputación. Se anunció en esa Mesa sindical y se corresponde con el gran acuerdo que se ha acordado, el Acuerdo Marco, para una administración del siglo XXI a nivel de la Administración del Estado y que será aplicable a esta Administración. Por lo tanto, hoy aprobamos definitivamente un presupuesto de 2023 y esto nos va a permitir comenzar de inmediato, de forma inmediata a desarrollar inversiones, políticas culturales, políticas de igualdad, políticas medioambientales, sociales, económicas y deportivas entre otras, que permitirán seguir transformando esta provincia de Pontevedra. Pero, teniendo en cuenta que el Partido Popular no ha presentado enmiendas a esta aprobación inicial, a lo que hemos asistido realmente ha sido a un no debate. El Partido Popular no tiene nada que decir al presupuesto que aprobamos provisionalmente, y es evidente que esto constata que carece de un modo alternativo a nuestra propuesta de presupuesto, es la mejor prueba la no presentación de alegaciones. Quiero resumir, que son las cuentas más expansivas, estos 181,63 millones nos confirman como la administración que más transfiere a los concellos con el 33,7%, un Plan Concellos de 44 millones que con 25 adicionales destinados a los concellos llegan a los 69 millones de los que se beneficiarán los concellos. Y ante esto, ¿qué dice el Partido Popular? Un voto, que es un voto feit, es un voto ciertamente de puro postureo y que constata evidentemente que esta administración provincial si se preocupa por el desarrollo de la provincia y de los



concellos y el contraste es una Xunta de Galicia que nuevamente congela el Fondo de Cooperación Local. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera, ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bo día a todos e a todas. Ben, vimos aquí nun trámite que debería de ser absolutamente eso, de trámite, porque os orzamentos e o debate xa foi no seu momento, pero está sendo habitual que nestas reclamacións, neste trámite, pois haxa debate e á parte haxa, bueno, pois cuestións ás veces gordas, ás veces menos, neste caso ata o acordo sobre o persoal é bastante, é bastante gordo, ¿non?. Pero eu creo que hai que ir ó fondo, cremos que hai que ir ó fondo do asunto. Primeiro, creo que vai a ser a primeira Deputación ou polo menos senón o é pois por aí andará, que vai aprobar os orzamentos. E, repito o que dixen no pleno do debate anterior, ter aprobados os orzamentos unha Deputación é absolutamente imprescindible máis incluso que no Estado ou que na Xunta, é moito, e non digamos nos concellos. ¿Por que?, porque senón os concellos non poden facer, planificar que é o que van a recibir. Polo tanto, creo que, vamos, telo aprobado agora é algo moi positivo para os concellos. E de feito, asociado a esto, como se sabe, xa van todas as bases de bastantes plans para que os concellos poidan ir avanzando, en concreto, tamén, pois, aprobar este orzamento supón que se poidan dar, se poida botar andar, seleccionar o persoal de inspección de residuos, etc., supón todo unha serie de cuestións que son absolutamente fundamentais sobre todo polo ritmo e por ter esa previsión. Segundo, consolídanse unhas transferencias aos concellos que non hai ningunha Deputación que o faga; digo que é, é así, as contas están aí, non hai ningunha dúbida, xa nos gustaría que fora máis, claro que nos gustaría, e nos gustaría que fora máis o da Xunta, nos gustaría que fora máis o do Estado, bueno, nos gustaría que fora máis todo. Pero, o certo é que sendo a Deputación que máis transfere aos concellos tivemos que escoitar aquí unha ocorrencia do Portavoz do PP no debate inicial que dicía que esta, se non me falla a memoria, que houbera unhas transferencias non sei que ano, bueno, inventouse unha cifra ¿non?, deberon de multiplicar por 2 ou 2 e pico e entón multiplicar a que antes se mandaba por 2 ou 2 e pico doulle máis o que se manda agora; pero bueno, foi un exercicio así de imaxinación, ¿non?, pero o certo que eso, somos a Deputación que máis transferimos, que podíamos transferir máis, home, sempre se pode máis, pero eso creo que non hai moita, ¿non?, as cifras están aí, os datos están aí e non hai e á parte previsíbel, o sea, os concellos xa saben o que van a



recibir e demais. Ben, eu comprendo, comprendo que o PP teña que votar en contra, ou sea, ¿non?, como, esa vella escola da oposición que é nos orzamentos, e nos concellos antes tamén eran os instrumentos urbanísticos; primeiro decídese votar en contra e despois búscase algunha razón de por que, eu comprendo que teñan bastantes dificultades para topar esas razóns e non sei hoxe que dirán pero o que foi no debate inicial, pois bueno, sacaron aquí unhas argumentacións francamente curiosas, ¿non?, é difícil, eu comprendo que é difícil, comprendo, pónome, estiven moitos anos na oposición, tuven que debater moitos orzamentos, e uns pois había máis razóns para votar en contra e outros había algunhas menos, había algunhas menos, e neste caso creo que hai bastantes poucas, bastantes poucas se é que hai, se é que hai algunha, entonces comprendo que se teñan esa, teñan esa dificultade. Bueno, creo que con esto nesta primeira intervención chega.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra o Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Grazas Presidenta. Bos días a todos neste 25 N. Bueno, hoxe o punto que traemos, a resolución de alegacións e a aprobación definitiva do orzamento. Por coherencia e mantendo o mesmo discurso que vimos mantendo non só no debate inicial senón todo o mandato imos a votar en contra. Entrando no fondo da cuestión e das aportacións que fixeron os voceiros e representantes dos partidos que sosteñen o equipo de goberno, ó Sr. Font hai que dicirlle, despois da arte coa que fixo o seu discurso, que quen a alega este orzamento son os sindicatos, os traballadores e nin máis nin menos que o Colexio de Secretarios e Interventores, algo que non é menor e co que deberían reflexionar. Tamén se esqueceron, por certo, de incluír nese balance as sentencias dos falsos becarios e dos bolseiros do Plan Revitaliza, nin máis nin menos que cunha sentencia en firme. E este grupo votará en contra duns orzamentos provinciais que consideramos decepcionantes, nuns orzamentos de expansión como van a ter todos os entes locais, van a deixar atrás ós pequenos e medianos concellos. Podían facer moito máis, deixar atrás aos concellos é deixar atrás aos seus veciños e por iso non podemos apoiar unhas contas que están feitas sen ter en conta a grave situación económica que afecta a empresas, a familias e a concellos. Para 2023 manifestan que a Deputación conta con 11 millóns de euros extras, 11 millóns de euros máis que no exercicio do 2022, importantes recursos que van a ir destinados para todo menos para os concellos pequenos e medianos da provincia. As reclamacións que fan os alcaldes e as alcaldesas non son un



capricho, son unha necesidade ante unha situación moi complexa que debería ter unha resposta da administración competente, que é a Deputación de Pontevedra para axudar aos municipios pequenos e medianos. Simplemente dixemos que aumentar os fondos para os concellos permitiría reforzar os servicios básicos de competencia municipal. Somos os primeiros ós que petan os veciños en busca de solucións aos problemas e somos os primeiros en ofrecela. Hoxe non está neste debate a Deputación nin o goberno provincial, non temos nada máis que engadir porque xa o dixemos todo no debate inicial. Están moi preocupados sempre de deixar para o final da intervención ao Partido Popular, ao Grupo Popular, o que di o Partido Popular e o que fai a Xunta de Galicia. Aquí estamos nunha Diputación que é unha administración local, a Xunta de Galicia foi votada por unha contundente maioría absoluta nas seleccións de xuño de 2020, eu creo que tanto falar da Xunta de Galicia podía valerlles para mirarse no espello en moitas cousas. Máis nada e como lle dixen ao principio anunciamos o voto en contra á resolución i a aprobación definitiva do orzamento.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Cubela. Ten a palabra por 3 minutos na réplica o Sr. Font.

Sr. López Font.- Pues lo acaba de decir usted Sr. Cubela “máis nada”, “máis nada” porque no ha habido nada de nada en este debate. Me reafirmo en que no ha sido un debate, me reafirmo en que ustedes poco menos que ni siquiera han leído el presupuesto, y estamos hoy en un debate que es un no debate porque ustedes no han sido capaces ni de presentar enmiendas. Y se refería al debate inicial, si, efectivamente, ese debate en el que presentaron 4 carillas a doble folio que decían que era una enmienda a la totalidad, que no era ningún proyecto alternativo ni muchísimo menos y que estaba lleno primero de errores, segundo de los clichés de los 7 años en los que llevamos gobernando, pero, básicamente, sin proyecto. Miren, no tienen alternativa a lo que es este presupuesto, y este presupuesto como los anteriores, pero este más que nunca, va a permitir seguir transformando esta provincia. Un presupuesto de 181,63 millones en los que, Sr. Cubela, cuando usted habla de dedicar a los concellos debería de saber y escuchar y asimilar que son 69 millones en total los que van destinados a los concellos. Como nunca, de forma equitativa, sin libre designación, a sabiendas a principio de año, como decía el Vicepresidente, de lo que va tener cada concello, nunca en la administración de esta Diputación hubo tanta posibilidad por parte de los concellos. Es el presupuesto que está más próximo a las personas, es el



presupuesto que se acerca más al bien común y sobre todo sin distinción de colores políticos; absolutamente, con total transparencia, es un conjunto de presupuestos que han transformado como decía, como les decía en la aprobación inicial, la provincia. Hoy recorrer la provincia es comprobar metro por metro actuaciones de esta Diputación. Lo que ocurre es que ustedes, el voto ya que se refieren a la Xunta de Galicia, ustedes tienen que hacer aquí equilibrios dialécticos, que no les salen nada bien, para ocultar que a ustedes les impiden votar a favor de un presupuesto como este el Sr. Rueda y el Sr. Feijóo. A ustedes les están imponiendo ese voto en contra que los alcaldes, todos los alcaldes y alcaldesas están satisfechos con el Plan Concellos, están satisfechos con este conjunto de presupuesto que es el mejor de la historia y que va volver a cambiar y a transformar definitivamente esta provincia. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra agora o Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. A ver, portavoz do Partido Popular, nos anos que levo aquí non coñezo ningún caso en que os representantes do persoal non teñan feito alegacións ó orzamento, ningún, non é unha gran novidade que o fagan este ano, a gran novidade este ano en todo caso é que foron acordadas, máis ou menos, ¿non?, polo menos parte delas, é a única novidade, e que nos saque aquí o dos bolseiros e demais. Mire, tuvemos uns bolseiros nunhas condicións infinitamente mellores das que herdamos, houbo un cambio de criterio na Seguridade Social e afectoulle a todas as administracións e empresas, non sei que gran cousa ve aí, non sei que gran cousa se ve en que aqueles, vamos, bolseiros que había tradicionalmente na Deputación, pois neste caso houbo un cambio que, xa digo, afectou a todos, ás administracións e empresas, incluso a universidade que tuvo un lío, tuvo un lío gordo coas prácticas ¿non?, que están resoltas así daquela maneira, que tiveron que cambiar ese criterio. A razón fundamental que usou a PP na pasada, vamos, no debate, e agora volveu a sacalo é que os concellos o están pasando moi mal, e a Deputación tamén, ou é que a Deputación non lle subeu a luz, non lle subiron as obras, non lle subeu todo, tamén, é que é unha cuestión de mirar o que está pasando, pásalle a todo o mundo, ¿non?, e o persoal que, vamos, as retribucións van a subir máis do que estaba previsto, etc., eso estalle pasando a todo o mundo, ¡claro que si! ¿Que con esta inflación nos estamos empobrecendo todos?, si, aínda que subamos un pouco o orzamento, si, vamos a ter que apretar o cinto, que lle vamos a facer, ¿non?, é así. Claro se cadra se os concellos non tiveran e a



Deputación mesmo non tuveran que estar pagando, ¿non?, sufragando competencias que non son deles, se cadra nos iría un pouquiño mellor, pero a situación está como está. Eu agradézolle o tono e agradezo porque realmente os orzamentos creo que son o mellor que se pode, son os mellores que se poden facer nas condicións actuais, creo que son francamente bos e comprendo que teñan dificultades para argumentar en contra, decidiron en contra pero despois argumentalo é un pouco complicado porque os orzamentos son francamente bos.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Como non hai máis palabras pois vou a someter xa a votación o orzamento. En primeiro lugar, as resolucións das reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación que teñen informes negativos, e polo tanto sometemos a aprobación inicial do Orzamento Xeral para a Deputación para o exercicio 2023 e a aprobación definitiva do mesmo, con esta votación quedará definitivamente aprobado o Orzamento. ¿Votos a favor da aprobación definitiva do Orzamento para 2023? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 16 votos a favor e once en contra, (*escóitase unha voz*), vale, disculpe, pois entón 15 a favor e 10 en contra.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de outubro de 2022 acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2023. De conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2023 quedou exposto ó público, para efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles e no caso da relación de postos de traballo, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, por un período de vinte días hábiles. O anuncio de exposición pública publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 204 de data 25 de outubro de 2022 e dentro do prazo de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- Dúas alegacións da sección sindical do Sindicato UGT, con números de rexistro 2022024633 e 2022026088, de datas 27/10/2022 e 16/11/2022, respectivamente.



- A reclamación conxunta asinada por catro persoas funcionarios/as de carreira con praza de delineante (María Blanco Blanco, Fernando Valcárcel Vinseiro, Miguel Grangel Piñeiro e Pedro Iglesias Molina), con número de rexistro WEB 2022057906, de data 10 de novembro de 2022.
- A alegación da sección sindical do sindicato CC.OO., co número de rexistro WEB 2022058868, de data 17 de novembro de 2022.
- A alegación do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra, con número de rexistro WEB 2022059658 de data 22 de novembro de 2022.

Resultando que por razóns organizativas e de mellora do funcionamento dos servizos, o Deputado Delegado de Persoal, con data 24 de novembro de 2022, asina unha proposta para incluír, sobre a aprobación inicial do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación para o exercicio 2023 acordada polo Pleno na sesión extraordinaria do día 21 de outubro de 2022, as seguintes modificacións:

- a) Transformar unha praza de técnico/a da App Revitaliza, clasificada no grupo A2, nunha praza de técnico de xestión de residuos, do mesmo grupo, co fin de unificar a denominación das prazas creadas para o desenvolvemento deste tipo de actividade, que requiren dispor de persoas que acrediten as mesmas competencias, formación e coñecementos, con independencia das funcións que lles podan corresponder aos postos de traballo aos que figuren adscritas.
- b) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de Secretaría Xeral a Intervención, pola especialidade da persoa titular do posto, en canto a formación, coñecemento e experiencia en materia de contabilidade e auditoría, e co fin de optimizar a utilización dos recursos humanos existentes, pasando a denominarse de técnico/a medio/a de fiscalización.
- c) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión do Servizo de Deportes, que se atopa vacante, a Secretaría Xeral, con obxecto de poder cubrir o posto na próxima convocatoria de prazas cun perfil mais adecuado ás funcións que competen a este área de actividade.



- d) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Deportes á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, por redistribución de efectivos.
- e) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, do grupo C2, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e vinculado a unha praza do grupo C1 que será obxecto de reclasificación no próximo exercicio, a Secretaría Xeral, por redistribución de efectivos.
- f) Asignar unha xefatura de sección de informes ao posto de técnico/a de apoio á Secretaría Xeral, pola singularización das súas funcións ante o elevado número de informes que emite en materia de contratación e convenios de todo tipo, ordenanzas e regulamentos; delegacións de competencias doutros concellos; bases de subvencións; cesións de bens; etc., que revelan a dedicación e complexidade das tarefas que está a desenvolver.
- g) Cambiar a proposta inicial de creación dunha praza de administrativo/a, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pola de creación dunha praza de técnico/a medio de administración xeral, grupo A2, con posto de traballo de técnico de xestión adscrito ao mesmo Servizo, co fin de reforzar as funcións de colaboración técnica co nivel superior e de aplicación das normas de xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución, estudos e preparación de informes.
- h) Reclasificar dúas prazas de redactor/a corrector/a do grupo C1 e unha praza de técnico auxiliar en tradución, do grupo C1, en tres prazas do grupo A2 coas denominación que se detallan no seguinte cadro, pola especialidade técnica das funcións que están a desenvolver, en consonancia cos coñecementos e titulacións requiridas polo Servizo ao que figuran adscritos os respectivos postos de traballo:

PRAZA ACTUAL	PRAZA RECLASIFICADA
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Tradutor/a en lingua galega, grupo A2
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2
Técnico auxiliar en tradución, grupo C1	técnico/a medio/a en tradución, grupo A2



Con tal fin, amortízase unha praza de técnico/a auxiliar de composición/edición, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

- i) Modificar a proposta inicial de funcionarización do persoal laboral fixo en base aos requisitos esixidos no artigo 20 do Convenio Colectivo, que permite a promoción do persoal laboral fixo que acredite unha antigüidade de polo menos dous anos no grupo profesional ó que pertencen o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes e cumpran os requisitos de titulación e cualificación esixidos con carácter xeral para o acceso ó grupo profesional ó que aspiran ingresar. Tomando en consideración tal circunstancia a funcionarización afectará aos seguintes postos de traballo de persoal laboral fixo:

Nº	PRAZA	Posto de traballo	Grupo	Nivel
1	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a	A1	25
1	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
4	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
1	Coordinador/a publicacións	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	Técnico/a sup. exposicións e activ. culturais	Responsable exposicións e activ. culturais	A1	25
1	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
1	Axudante/a biblioteca	Axudante/a biblioteca	A2	23
1	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador/a	A2	23
1	Axudante/a educación	Axudante/a Gabinete didáctico	A2	23
3	Técnico/a medio de turismo	Técnico/a de turismo	A2	23
1	Técnico/a medio de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
1	Técnico aux. maquinista Offset	Técnico/a aux. maquinista Offset	C1	22
1	Técnico/a aux. Pasador/a retocador/a	Xefatura negociado pasador/a retocador/a	C1	22
1	Técnico/a auxiliar teclista	Técnico/a auxiliar teclista	C1	22
1	Administrativo/a xefe de negociado	Administrativo/a xefatura de negociado	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de programación	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de sistemas	Xefatura de negociado de sistemas	C1	22
2	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a auxiliar informático/a	Técnico/a informático/a	C1	20
2	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
4	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20



1	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de comunicación	C2	18
1	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
5	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
2	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
1	Limpador/a	Limpador/a	E	14
1	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
1	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático	C1	20
8	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
2	Conservador/a restaurador/a	Conservador/a restaurador	A2	23
1	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
1	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23
19	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
5	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a de administración	Técnico/a de administración	A1	25
80				

Resultando que a Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor elaboraron con data 24 de novembro de 2022 un informe conxunto sobre as reclamacións presentadas durante o prazo de exposición pública, que afectan todas elas ó cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2023. Neste informe tamén recóllese unha rectificación dun erro na retribución anual do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos, así como as modificacións na relación de postos de traballo para o exercicio 2023 propostas polo Deputado Delegado de Persoal para os efectos da súa inclusión no acordo de aprobación definitiva do orzamento para o exercicio 2023. O contido do citado informe conxunto de data 24 de novembro de 2022 é o seguinte:

“ANTECEDENTES

1º.- Por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 21 de outubro de 2022 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2023, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 204 do 25 de outubro de 2022.

2º.- O prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o próximo día 23 de novembro de 2022.

3º.- Dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica da Deputación as seguintes alegacións-reclamacións ás RPTs, cuxo contido expónse, de forma extractada, a continuación:



A) Alegacións da sección sindical de CCOO, rexistro do 09/12/2021:

- Revisar o plus de perigosidade e penalidade dos postos do Oral.
- Creación de novas prazas nos Servizos do Oral, Secretaría Xeral, NNTT, Contratación, Cohesión Social, Normalización Lingüística, Finca Areiro, Castelo de Soutomaioir, Patrimonio Documental, Parque de Maquinaria.
- Reclasificación do persoal operario do Castelo de Soutomaioir que realiza funcións de oficial.
- Cambiar a xefatura de Sección de Arquivos por un posto de adxunto á xefatura do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.
- Revisar as condicións económicas dos técnicos especialistas de composición edición.
- Incrementar o número de prazas a reclasificar como vixiantes de residuos.
- Creación do grupo B, que contempla o EBEP, para integrar a todos os que teñan a titulación de técnico superior, baseándose na existencia deste grupo noutras Administracións.
- Incrementar o factor de perigosidade do persoal educativo de Príncipe Felipe.
- Unificar os postos do persoal do Servizo de Cociña que realizan as mesmas funcións, asignando a 4 postos de oficial/a cociñeiro/a, a categoría de oficial/a xefe/a cociñeiro/a.
- Incrementar as gratificacións por xornadas especiais, quenda de fin de semana, festivos e traballos de noite.
- Revisar os niveis de CD de varios postos de traballo.
- Incluír no proceso de funcionarización tres postos que se omitiron e reúnen as condicións.

B) Alegacións da sección sindical de UGT, rexistro do 16/11/2022:

- No proceso de funcionarización do persoal laboral: incluír todos os postos de traballo de persoal laboral fixo con dous anos de antigüidade no grupo de clasificación ao que pertencen, realizando as adaptacións necesarias.
- Nas bases de aplicación de retribucións: incluír unha redución das horas da dedicación a tempo parcial, o pago dos excesos de xornada inferiores a unha hora, a equiparación de retribucións do persoal temporal equivalente a prazas de persoal funcionario, eliminación da cláusula relativa a desprazamentos no mesmo vehículo ou a revisión do reintegro dos anticipos en caso da finalización da relación laboral.
- Reclasificación de varias prazas por realizar funcións de nivel superior.
- Creación do grupo B de clasificación para aquelas prazas para cuxo acceso se esixiu a titulación de FP superior.
- Revisión do complemento específico dos postos de traballo de atención ao público.



- Dotación económica dos postos de responsables de sección e unidades do Museo Provincial.
- Revisión e incremento dos CE de varios postos do Museo, creación de prazas de nivel superior e cambios de denominación nos postos do gabinete de educación.
- Reclassificar as prazas dos Servizos Lingüísticos.
- Creación de varias prazas no Servizo Oral asignación de novas dedicacións.
- Revisar o CE das persoas que teñen que desprazarse para o desempeño do seu posto, pola conducción de vehículos.
- Arbitrar un sistema de produtividades regrado, efectivo e específico para o Servizo de Recadación.
- Creación de novas prazas para a promoción ou asignación de xefaturas de negociado a varios postos de traballo dos Servizos de Patrimonio Documental e Comunicación.

C) Alegación de catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, adscritos tres ao Servizo de Infraestruturas e un ao Servizo de Arquitectura, a través da cal solicitan a clasificación directa das súas prazas no grupo B, en base ao disposto no artigo 76 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sentenza da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo, de data 15/11/2021, que obriga á Administración do Estado a clasificar no grupo B o Corpo de delineantes de Facenda, así como o encadramento deste colectivo no referido grupo na Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou Concello da Coruña.

Ningunha destas alegacións se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non obstante, algunhas delas poderían ser aceptadas na próxima reunión da Mesa Xeral de Negociación.

4º.- Así mesmo, dentro de prazo, preséntase na sede electrónica da Deputación o 22/11/2022, número web2022059658, unha alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, con respecto á modificación do sistema de provisión do posto de traballo de Vicesecretaría, que entende debe ser por concurso e non polo sistema de libre designación, argumentando:

- Que o Tribunal Supremo ten delimitada a provisión mediante libre designación (entre outras sentenzas: 11.03.2009, Rec. 2332/2005; 09/02/2009, Rec. 7168/2004; 10/12/2008, Rec. 10351/2004; ...) do seguinte xeito:
 - Ten carácter excepcional, na medida que completa o método normal de provisión que é o concurso.
 - Aplícase a postos determinados en atención á natureza das súas funcións.
 - Só se inclúen en tal grupo os postos directivos e os de especial responsabilidade.
- Que o posto de Vicesecretaría non figura entre os órganos que define como directivos o artigo 130 da Lei 7/85 para os municipios cualificados como de gran poboación.
- Que non consta que o titular do posto de traballo de Vicesecretaría da Deputación asuma no exercicio das súas funcións unha especial responsabilidade, constituíndose



coma un posto de colaboración dos regulados no artigo 15 do RD 128/2018, do 16 de marzo.

En relación co manifestado nesta alegación cabe sinalar ao seguinte:

- Que de conformidade co disposto no artigo 27.1.b.2ª do RD 128/2018, de 16 de marzo, os postos de habilitación de carácter nacional pódense cubrir polo sistema de libre designación cando o posto pertenza a Deputacións Provinciais, áreas metropolitanas, cabidos e consellos insulares. Tan só os de Intervención e Tesourería necesitan da previa aprobación polo Ministerio con competencias en Facendas Locais (art. 45.1 parágrafo segundo).
- Que a especialidade da Deputación recóllese de forma clara e expresa, estando xustificada na propia diferenciación destas entidades locais provinciais doutras entidades locais, tanto nas funcións que lle corresponden, de colaboración técnica cos municipios da súa provincia, como pola dimensión deste tipo de Administracións Locais cunha pluralidade de servizos públicos.
- Que o sistema de libre designación permite unha mellor adaptación da persoa aspirante ás dinámicas de traballo da Deputación, con diferentes Centros e Servizos que acumulan grandes volumes de traballo, que requiren de capacidades e/o formación específica en cuestións organizativas e experiencia previa en grandes administracións, capacidade de traballo en equipo e asunción de responsabilidades nas materias que se repartan co Secretario ante a imposibilidade material de que se produza unha supervisión efectiva pola súa banda das tarefas realizadas polo Vicesecretario, de forma que non se pode considerar un persoal colaborador senón un auténtico reforzo orgánico na Secretaría Xeral; por citar un exemplo, na Deputación de Pontevedra no ano 2021 ditáronse un total de 7.903 Resolucións Presidenciais, e no que vai de 2022 ata o 22 de novembro 8.411 Resolucións, todo iso sen ter en conta o elevado volume de asuntos de competencia doutros órganos, como a Xunta de Goberno con medias de entre 20 e 50 asuntos semanais, que requiren a emisión dos preceptivos informes.

Ademais, a Deputación Provincial de Pontevedra exerce competencias impropias cunhas especialidades notables que representan unha porcentaxe moi elevada do seu orzamento anual:

- En materia de investigación fitosanitaria e gandeira e no desenvolvemento de sectores produtivos primarios vitivinícolas, agrícolas e gandeiros (EFA e Mouriscade).
- En atención socioeducativa e de custodia de menores en situación ou en risco de exclusión social, con módulos residenciais de menores nacionais e estranxeiros mesmo na máis tenra infancia (Centro Príncipe Felipe).
- No ámbito educativo cunha Escola Universitaria de Enfermería adscrita á Universidade de Vigo e unha Escola de Cantería única en España.



- No ámbito cultural co Museo de Pontevedra, auténtico referente cultural en Galicia, con múltiples especialidades na xestión.

Todas estas actividades distan moito da actividade administrativa ordinaria e aconsellan experiencia previa nos devanditos sectores, non predicable, a priori, dentro dos méritos da totalidade dos habilitados nacionais, dado que se trata de competencias impropias das Administracións Locais, que corresponderían ao ámbito autonómico, pero que se exercen a día de hoxe na Deputación de Pontevedra.

A maiores, a Deputación participa en dous Consorcios de Bombeiros (Consortio Provincial e Consortio do Deza-Tabeirós-Terra de Montes), con especialidades adicionais e despacho de asuntos na Deputación como parte integrante dos mesmos. Súmase o feito de que Galicia ten unha lingua vernácula, e o posto de Vicesecretario require do coñecemento da lingua (recóllese no art. 46 RD 128/2018 como un dos requisitos das bases das convocatorias da libre designación de habilitados/as nacionais).

- E que ao configurarse o posto como Vicesecretario/a, asume a substitución do Secretario/a Xeral e con iso a responsabilidade da totalidade das tarefas da Secretaría Xeral.

En consecuencia, considérase que a modificación do sistema de provisión do posto de traballo de Vicesecretaría, de concurso por libre designación, atópase suficientemente xustificado, xa que, polo que se acaba de expresar, ten carácter excepcional, aplícase en atención á natureza das súas funcións e asume tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación.

5º.- Por outra parte, por razóns organizativas e de mellora do funcionamento dos servizos, o deputado delegado de persoal propón introducir as seguintes modificacións no cadro de persoal e relacións de postos de traballo:

- a) Transformar unha praza de técnico/a da App Revitaliza, clasificada no grupo A2, nunha praza de técnico de xestión de residuos, do mesmo grupo, co fin de unificar a denominación das prazas creadas para o desenvolvemento deste tipo de actividade, que requiren dispor de persoas que acrediten as mesmas competencias, formación e coñecementos, con independencia das funcións que lles podan corresponder aos postos de traballo aos que figuren adscritas.
- b) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de Secretaría Xeral a Intervención, pola especialidade da persoa titular do posto, en canto a formación, coñecemento e experiencia en materia de contabilidade e auditoría, e co fin de optimizar a utilización dos recursos humanos existentes, pasando a denominarse dito posto de técnico/a medio/a de fiscalización.
- c) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión do Servizo de Deportes, que se atopa vacante, a Secretaría Xeral, con obxecto de poder cubrir o posto



na próxima convocatoria de prazas cun perfil mais adecuado ás funcións que competen a este área de actividade.

- d) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Deportes á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, por redistribución de efectivos.
- e) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, do grupo C2, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e vinculado a unha praza do grupo C1 que será obxecto de reclasificación no próximo exercicio, a Secretaría Xeral, por redistribución de efectivos.
- f) Asignar unha xefatura de sección de informes ao posto de técnico/a de apoio á Secretaría Xeral, pola singularización das súas funcións ante o elevado número de informes que emite en materia de contratación e convenios de todo tipo, ordenanzas e regulamentos; delegacións de competencias doutros concellos; bases de subvencións; cesións de bens; etc., que revelan a dedicación e complexidade das tarefas que está a desenvolver.
- g) Cambiar a proposta inicial de creación dunha praza de administrativo/a, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pola de creación dunha praza de técnico/a medio de administración xeral, grupo A2, con posto de traballo de técnico de xestión adscrita ao mesmo Servizo, co fin de reforzar as funcións de colaboración técnica co nivel superior e de aplicación das normas de xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución, estudos e preparación de informes.
- h) Reclasificar dúas prazas de redactor/a corrector/a do grupo C1 e unha praza de técnico auxiliar en tradución, do grupo C1, en tres prazas do grupo A2 coas denominacións que se detallan no seguinte cadro, pola especialidade técnica das funcións que están a desenvolver, en consonancia cos coñecementos e titulacións requiridas polo servizo ao que figuran adscritos os respectivos postos de traballo:

PRAZA ACTUAL	PRAZA RECLASIFICADA
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Tradutor/a en lingua galega, grupo A2
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2
Técnico auxiliar en tradución, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2

Con tal fin, amortízase unha praza de técnico/a auxiliar de composición/edición, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.



i) Modificar a proposta inicial de funcionarización do persoal laboral fixo en base aos requisitos esixidos no artigo 20 do Convenio Colectivo, que permite a promoción do persoal laboral fixo que acredite unha antigüidade de polo menos dous anos no grupo profesional ó que pertencen o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes e cumpran os requisitos de titulación e cualificación esixidos con carácter xeral para o acceso ó grupo profesional ó que aspiran ingresar. Tomando en consideración tal circunstancia a funcionarización afectará aos seguintes postos de traballo de persoal laboral fixo:

Nº	PRAZA	Posto de traballo	Gr	CD
1	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a	A1	25
1	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
4	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
1	Coordinador/a publicacións	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	Técnico/a sup. exposicións e activ. culturais	Responsable exposicións e activ. culturais	A1	25
1	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
1	Axudante/a Biblioteca	Axudante/a Biblioteca	A2	23
1	Conservador/a Restaurador	Conservador/a Restaurador/a	A2	23
1	Axudante/a educación	Axudante/a Gabinete didáctico	A2	23
3	Técnico/a medio de turismo	Técnico/a de turismo	A2	23
1	Técnico/a medio de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
1	Técnico aux. maquinista offset	Técnico/a aux. maquinista Offset	C1	22
1	Técnico/a aux. pasador/a retocador/a	Xefatura negociado pasador/a retocador/a	C1	22
1	Técnico/a auxiliar teclista	Técnico/a auxiliar teclista	C1	22
1	Administrativo/a xefe de negociado	Administrativo/a xefatura de negociado	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de programación	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de sistemas	Xefatura de negociado de sistemas	C1	22
2	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a auxiliar informático/a	Técnico/a informático/a	C1	20
2	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
4	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20
1	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de comunicación	C2	18
1	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
5	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
2	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
1	Limpador/a	Limpador/a	E	14



1	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
1	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático	C1	20
8	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
2	Conservador/a restaurador/a	Conservador/a restaurador	A2	23
1	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
1	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23
19	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
5	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a de administración	Técnico/a de administración	A1	25
80				

O custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido a amortización dunha praza e a existencia de prazas vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

6º.- Por último, advertido un erro na actualización das retribucións totais do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos, cuxo importe foi reconecido por sentenza firme, procedese a súa rectificación, debendo figurar o seguinte importe:

Retribucións 2023 aprobación inicial	Retribucións 2023 aprobación definitiva
33.383,66 €	34.347,68 €

7º.- Considerando as modificacións propostas no cadro de persoal e RPT así como as alegacións sindicais presentadas, convocouse a mesa xeral de negociación para o día 21/11/2022. Nesa reunión expuxéronse os cambios así como alegacións que se teñen en conta para a aprobación definitiva, que son a ampliación do número de postos obxecto de funcionarización e a reclasificación das prazas de tradución con postos adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1º.- O artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.



- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

2º.- Tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

3º.- A teor do disposto no art. 37 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Públicas así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, reconece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que establece o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que “a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).



4º.- Examinadas as alegacións formuladas ata o momento pola Sección Sindical de CCOO e UGT pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, e a maioría afectan á potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle corresponde valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos ó seu cargo e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura.

A maioría das alegacións de CCOO e UGT, xa foron tratadas na negociación e reproducen integramente as expostas no seu momento, non obstante, unha vez valoradas, introdúcese na aprobación definitiva a ampliación das prazas obxecto de funcionarización e a reclasificación de tres prazas do grupo C1 con postos de traballo adscritos ao Servizo de Normalización Lingüísticas e Servizos Lingüísticos.

As modificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo que se propoñen neste expediente de aprobación definitiva, por cambios de postos, transformacións, reclasificacións ou incremento do número de postos a funcionarizar, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración, garantir o normal funcionamento dos servizos, adecuar ás prazas e postos ás funcións que están a desenvolver e adscribir as persoas funcionarias aos Servizos nos que viñan desenvolvendo a súa actividade, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

En canto a alegación de catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, procede a súa desestimación, por canto que na estrutura organizativa da Deputación non existe o grupo B, nin a súa integración ten carácter preceptivo. Ademais, para a súa configuración sería preciso realizar un estudo da situación actual do cadro de persoal, prazas afectadas, ás que se lle requiriu como titulación de acceso o ciclo superior de formación profesional, estimación do incremento total do custo en concepto de retribucións e seguridade social, a determinación da correspondente subescala e clase, nivel de complemento de destino e valoración do importe do complemento específico, ademais da concreción dos programas de acceso á este novo grupo, dentro da regulación establecida no artigo 170 e seguintes do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e Real decreto 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos á que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Non obstante o anterior, débese facer mención á recente Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública, de 14 de novembro de 2022, pola que se aproba o “Acordo Marco para unha Administración do século XXI” (publicada no BOE do 17/11/2022), cuxo punto 4, relativo á plena aplicación da clasificación do persoal ao servizo das Administracións Públicas dos artigos 76 do TREBEP, aclara ao respecto o seguinte:



Para lograr a plena efectividade do modelo de clasificación, é necesario desenvolver de maneira coordinada entre as Administracións Públicas e as organizacións sindicais un conxunto de medidas tanto normativas como organizativas para proceder, entre outras, ao desenvolvemento do grupo B... Neste sentido, crearase un grupo de traballo paritario no seno da comisión de seguimento prevista no presente acordo para levar a cabo o impulso e coordinación de actuacións para que, o longo do ano 2023 a citada clasificación profesional acade a súa plena implantación no conxunto das Administracións Públicas, tendo en conta, igualmente, o previsto no artigo 77 en relación con persoal laboral.

En consecuencia, cando se aprobe dita regulación adoptaranse as medidas que correspondan en atención a súa posible integración na estrutura organizativa da Deputación.

5º.- Polo que se refire á alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, sobre o cambio do sistema de provisión do posto de traballo de Vicesecretario/a, procede a súa desestimación dado que, como xa se indicou, ten carácter excepcional, pois dos 5 postos de habilitados da Deputación, tres teñen asignado o sistema de concurso, ademais, aplícase en atención á natureza das súas funcións e configúrase na estrutura organizativa da Deputación coma un posto de especial responsabilidade polo alcance das tarefas a desenvolver no ámbito de actuación desta Institución, nas que reforza o carácter directivo da Secretaría, xa que non só desenvolve por delegación parte das súas funcións, senón que lle substitúen en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou concorrencia de causa de abstención ou recusación legal ou regulamentaria.

Neste sentido, dito posto de traballo terá asignadas, entre outras as seguintes funcións:

1. Levar a cabo as funcións que lle sexan encomendadas polo Secretario Xeral.
2. Substituír ao citado órgano de carácter directivo, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria.
3. Exercer as funcións de asesoramento xurídico e impulso dos expedientes que lle sexan encomendados.
4. Realizar calquera outras tarefas encomendadas polo seu superior xerárquico, no marco da súa titulación, así como as necesarias para o desenvolvemento das funcións asignadas á súa unidade administrativa.
5. Aplicar a tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica.
6. Instrución de expedientes disciplinarios.
7. Participación nas Mesas de Contratación da Deputación.
8. Participación como membro dos Tribunais de selección.
9. Emisión de informes nos expedientes de recursos humanos.
10. Asistencia aos concellos da provincia que así o demanden, en concreto:
 - a) Emisión de informes xurídicos.
 - b) Participación en Tribunais de procesos selectivos.



- c) Instruír expedientes disciplinarios.
- d) Participación en Mesas de Contratación.
- e) Realización de labores especiais de carácter circunstancial e excepcional, nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Neste posto precísase contar con persoal cualificado para as relevantes funcións que comporta a actividade despregada pola Secretaría desta Corporación, na súa misión primordial de asistencia e satisfacción das necesidades dos cidadáns e nas tarefas de fe pública e asesoramento xurídico.

Dita función na xestión cotiá das actividades da Secretaría, debe ser desempeñada por persoal pertencente á Escala de Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala Secretaría, con amplos coñecementos da normativa vixente, e destreza no manexo de asuntos de asesoría. Persoal con esta cualificación, suporá sen dúbida un beneficio para a eficacia e boa marcha da xestión dos múltiples asuntos que debe desenvolver a Secretaría desta Corporación.

En relación co anterior, e se temos en conta os principios que deben rexer a actuación das Administracións Públicas contidos no artigo 103 da Constitución, destaca como principio inspirador o de eficacia. Devandito principio, de vital importancia sobre todo nas relacións da Administración Pública cos administrados, implica que a Administración cumpra os obxectivos fixados nos servizos prestados aos cidadáns. Pero debe ir máis aló do mero cumprimento, tendendo cara a uns índices de calidade óptimos. Devandito deber, por tanto, que ten a Administración Pública en xeral, e esta Corporación en particular, non pode completarse debidamente sen a cobertura do persoal necesario para atender e xestionar os servizos públicos de modo eficiente e eficaz, como se explicou anteriormente. Por iso, faise necesaria a provisión por libre designación do posto de Vicesecretario/a.

6º.- Segundo se recolle no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta, proponse:

1. Desestimar as alegacións presentadas polos Sindicatos CCOO e UGT polas razóns expostas nos apartados anteriores, salvo a relativa á ampliación dos postos de persoal laboral fixo obxecto de funcionarización, sempre que acrediten dous anos de antigüidade no grupo profesional ó que pertencen, a cal se inclúe na proposta do deputado delegado de persoal e a transformación de tres prazas do grupo C1 en A2 para reclasificación de persoal do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, o que se compensa coa amortización dunha praza do grupo C1 de técnico auxiliar de composición/edición.



2. Desestimar a alegación das catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, adscritos aos Servizos de Infraestruturas e Arquitectura, por non estar constituído na estrutura organizativa da Deputación Provincial de Pontevedra ese novo grupo de clasificación e estar prevista na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 14/11/2022 a aprobación dun conxunto de medidas normativas e organizativas para o desenvolvemento deste grupo de clasificación.
3. Desestimar a alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, por considerar que a Deputación Provincial de Pontevedra cumpre as condicións requiridas no Real decreto 128/2018, 16 de marzo, para establecer o sistema de libre designación como forma de provisión do posto de traballo da Vicesecretaría, polo carácter excepcional, pola natureza das súas funcións e pola atribución de tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación.
4. Rectificar a retribución total anual do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos por erro na actualización da contía recoñecida por sentenza firme, de forma que onde di: 33.383,66 €, debe dicir 34.347,68 €.
5. Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo do ano 2023 coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial nos antecedentes deste informe, concretamente detalladas no apartado quinto”.

Considerando os antecedentes e consideracións legais así como as conclusións que figuran no informe conxunto elaborado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor, con data 24 de novembro de 2022 e tendo en conta que o artigo 88.6 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Considerando o establecido no artigo 33.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no que se recolle que lle corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:



1. Desestimar as alegacións presentadas polos Sindicatos CC.OO. (co número de rexistro WEB 2022058868, de data 17 de novembro de 2022) , e UGT (con números de rexistro 2022024633 e 2022026088, de datas 27/10/2022 e 16/11/2022, respectivamente) polas razóns expostas no informe conxunto elaborado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario e o Interventor de data 24 de novembro de 202, salvo a relativa á ampliación dos postos de persoal laboral fixo obxecto de funcionarización, sempre que acrediten dous anos de antigüidade no grupo profesional ó que pertencen, a cal se inclúe na proposta do Deputado delegado de Persoal e a transformación de tres prazas do grupo C1 en A2 para reclasificación de persoal do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, o que se compensa coa amortización dunha praza do grupo C1 de técnico auxiliar de composición/edición.
2. Desestimar a alegación conxunta asinada por catro persoas funcionarios/as de carreira con praza de delineante adscritos aos Servizos de Infraestruturas e Arquitectura, (María Blanco Blanco, Fernando Valcárcel Vinseiro, Miguel Grangel Piñeiro e Pedro Iglesias Molina), con número de rexistro WEB 2022057906, de data 10 de novembro de 2022, por non estar constituído na estrutura organizativa da Deputación Provincial de Pontevedra ese novo grupo de clasificación e estar prevista na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 14/11/2022 a aprobación dun conxunto de medidas normativas e organizativas para o desenvolvemento deste grupo de clasificación.
3. Desestimar a alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, con número de rexistro WEB 2022059658 de data 22 de novembro de 2022, por considerar que a Deputación Provincial de Pontevedra cumpre as condicións requiridas no Real decreto 128/2018, 16 de marzo, para establecer o sistema de libre designación como forma de provisión do posto de traballo da Vicesecretaría, polo carácter excepcional, pola natureza das súas funcións e pola atribución de tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación.
4. Rectificar a retribución total anual do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos por erro na actualización da contía recoñecida por



sentenza firme, de forma que onde di: 33.383,66 euros debe dicir 34.347,68 euros.

5. Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo do ano 2023 coas modificacións sinaladas na proposta do Deputado delegado de Persoal de data 24 de novembro de 2022, e que son as seguintes:

- a) Transformar unha praza de técnico/a da App Revitaliza, clasificada no grupo A2, nunha praza de técnico de xestión de residuos, do mesmo grupo, co fin de unificar a denominación das prazas creadas para o desenvolvemento deste tipo de actividade, que requiren dispor de persoas que acrediten as mesmas competencias, formación e coñecementos, con independencia das funcións que lles podan corresponder aos postos de traballo aos que figuren adscritas.
- b) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de Secretaría Xeral a Intervención, pola especialidade da persoa titular do posto, en canto a formación, coñecemento e experiencia en materia de contabilidade e auditoría, e co fin de optimizar a utilización do recursos humanos existentes, pasando a denominarse de técnico/a medio/a de fiscalización.
- c) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión do Servizo de Deportes, que se atopa vacante, a Secretaría Xeral, con obxecto de poder cubrir o posto na próxima convocatoria de prazas cun perfil mais adecuado ás funcións que competen a este área de actividade.
- d) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Deportes á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, por redistribución de efectivos.
- e) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, do grupo C2, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e vinculado a unha praza do grupo C1 que será obxecto de reclasificación no próximo exercicio, a Secretaría Xeral, por redistribución de efectivos.
- f) Asignar unha xefatura de sección de informes ao posto de técnico/a de apoio á Secretaría Xeral, pola singularización das súas funcións ante o elevado número de informes que emite en materia de contratación e convenios de



todo tipo, ordenanzas e regulamentos; delegacións de competencias doutros concellos; bases de subvencións; cesións de bens; etc., que revelan a dedicación e complexidade das tarefas que está a desenvolver.

- g) Cambiar a proposta inicial de creación dunha praza de administrativo/a, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pola de creación dunha praza de técnico/a medio de administración xeral, grupo A2, con posto de traballo de técnico de xestión adscrito ao mesmo Servizo, co fin de reforzar as funcións de colaboración técnica co nivel superior e de aplicación das normas de xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución, estudos e preparación de informes.
- h) Reclasificar dúas prazas de redactor/a corrector/a do grupo C1 e unha praza de técnico auxiliar en tradución, do grupo C1, en tres prazas do grupo A2 coas denominacións que se detallan no seguinte cadro, pola especialidade técnica das funcións que están a desenvolver, en consonancia cos coñecementos e titulacións requiridas polo Servizo ao que figuran adscritos os respectivos postos de traballo:

PRAZA ACTUAL	PRAZA RECLASIFICADA
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Tradutor/a en lingua galega, grupo A2
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2
Técnico auxiliar en tradución, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2

- i) Con tal fin, amortízase unha praza de técnico/a auxiliar de composición/edición, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.
- j) Modificar a proposta inicial de funcionarización do persoal laboral fixo en base aos requisitos esixidos no artigo 20 do Convenio Colectivo, que permite a promoción do persoal laboral fixo que acredite unha antigüidade de polo menos dous anos no grupo profesional ó que pertencen o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes e cumpran os requisitos de titulación e cualificación esixidos con carácter xeral para o acceso ó grupo profesional ó que aspiran ingresar. Tomando en consideración tal circunstancia a



funcionarización afectará aos seguintes postos de traballo de persoal laboral fixo:

Nº	PRAZA	Posto de traballo	Grupo	Nivel
1	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a	A1	25
1	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
4	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
1	Coordinador/a publicacións	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	Técnico/a sup. exposicións e activ. culturais	Responsable exposicións e activ. culturais	A1	25
1	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
1	Axudante/a Biblioteca	Axudante/a biblioteca	A2	23
1	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador/a	A2	23
1	Axudante/a educación	Axudante/a Gabinete didáctico	A2	23
3	Técnico/a medio de turismo	Técnico/a de turismo	A2	23
1	Técnico/a medio de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
1	Técnico aux. maquinista offset	Técnico/a aux. maquinista Offset	C1	22
1	Técnico/a aux. Pasador/a retocador/a	Xefatura negociado pasador/a retocador/a	C1	22
1	Técnico/a auxiliar teclista	Técnico/a auxiliar teclista	C1	22
1	Administrativo/a xefe de negociado	Administrativo/a xefatura de negociado	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de programación	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de sistemas	Xefatura de negociado de sistemas	C1	22
2	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a auxiliar informático/a	Técnico/a informático/a	C1	20
2	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
4	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20
1	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de comunicación	C2	18
1	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
5	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
2	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
1	Limpador/a	Limpador/a	E	14
1	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
1	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático	C1	20
8	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
2	Conservador/a restaurador/a	Conservador/a restaurador	A2	23
1	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
1	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23



19	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
5	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a de administración	Técnico/a de administración	A1	25
80				

6. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2023, que comprende:

-O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 181.633.895,00 euros.

-O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 603.575,00 euros.

-O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, por importe de 3.913.300,00 euros.

- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.147.614,00 euros.

-O Orzamento xeral consolidado, por importe de:

- En ingresos	185.387.403,00 euros.
- En gastos	185.387.403,00 euros.

- As bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



-Os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes

-O Anexo de investimentos para o exercicio 2023.

-O plan (marco) orzamentario a medio prazo 2022-2024.

-Os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son o seguintes:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	50.419.227,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	39.532.704,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	105.002,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	31.555.688,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes	122.612.621,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	16.905.139,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	41.587.902,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	287.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	240.833,00 €
Total Operacións de Capital	59.021.274,00 €
TOTAL ORZAMENTO	181.633.895,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	13.918.299,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.920.959,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.231.701,00 €



Capítulo 4.- Transferencias correntes	137.424.819,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	236.826,00 €
Total Operacións correntes	178.732.604,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.400.791,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00 €
Total Operacións de Capital	2.901.291,00 €
TOTAL ORZAMENTO	181.633.895,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	541.074,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	100,00 €
Total Operacións correntes	602.574,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	1.001,00 €
Total Operacións de Capital	1.001,00 €
TOTAL ORZAMENTO	603.575,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	477.573,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	1,00 €
Total Operacións correntes	602.574,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.001,00 €
Total Operacións de Capital	1.001,00 €
TOTAL ORZAMENTO	603.575,00 €



**ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO.**

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	3.081.140,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	796.801,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
Total Operacións correntes	3.882.941,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	30.359,00 €
Total Operacións de Capital	30.359,00 €
TOTAL ORZAMENTO	3.913.300,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.986.200,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	100,00 €
Total Operacións correntes	3.913.300,00 €
TOTAL ORZAMENTO	3.913.300,00 €

**ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA
INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E
TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.**

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	988.961,23 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	158.152,77 €
Total Operacións correntes	1.147.114,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	500,00 €
Total Operacións de Capital	500,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.147.614,00 €



ESTADO DE INGRESOS

OPERACIONES CORRENTES	
Capítulo 3.- Tasas, prezos públicos e outros ingresos	208.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	939.314,00 €
Total Operacións correntes	1.147.614,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.147.614,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIONES CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	55.030.402,23 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	40.549.057,77 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	105.102,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	29.647.708,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
Total Operacións correntes	126.335.270,00 €
OPERACIONES DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	16.936.999,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	41.586.901,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	287.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	240.833,00 €
Total Operacións de Capital	59.052.133,00 €
TOTAL ORZAMENTO	185.387.403,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIONES CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	13.918.299,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.920.959,00 €
Capítulo 3.- Tasas, prezos públicos e outros ingresos	14.551.201,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	138.858.726,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	236.927,00 €
Total Operacións correntes	182.486.112,00 €
OPERACIONES DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.400.791,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00 €
Total Operacións de Capital	2.901.291,00 €
TOTAL ORZAMENTO	185.387.403,00 €



3.7888.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE RECADACIÓN EXECUTIVA DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO MUNICIPAIS (EXPTES.- 2022068416 - 2022053122)**

Sra. Presidenta.- Ben, no punto 3 da orde do día. Delegación de competencias do Concello de Salvaterra do Miño na Deputación para desenvolver as facultades de recadación executiva dos ingresos de dereito público municipais. Non habendo intervencións a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2022 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra Recadación Executiva dos Ingresos de Dereito Público Municipais nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Recadación- Tesourería, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación da delegación acordada.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a delegación de facultades de Recadación Executiva dos Ingresos de Dereito Público Municipais efectuada polo Concello de Salvaterra de



Miño, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2022, nos termos reflectidos no referido acordo que son os seguintes:

OBXECTO DO ACORDO.

Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

Recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público municipais por parte do Concello de Salvaterra de Miño na Deputación de Pontevedra – ORAL.

COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Para o normal desenvolvemento da delegación efectuada na Deputación de Pontevedra -ORAL, estarase ás obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa en vigor, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Deste modo, o concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.
- A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.



- Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- Porá a disposición do concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos procedementos de comprobación limitada e inspectores levados a efecto.
- A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdiccionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade.

NORMATIVA.

A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en especial polas normas plenarias que regulen o funcionamento do órgano ORAL (<https://www.depo.gal/es/orzamento>), e a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL (BOPPO 30/04/2013; 01/10/2021-<https://www.depo.gal/es/normativa-consolidada>) e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.



O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a Deputación Provincial de Pontevedra colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das ordenanzas fiscais cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

CONDICIÓN ECONÓMICAS.

As contraprestacións polo exercicio da delegación son as que se recollen na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de xestión, inspección, e recadación que se prestan pola Deputación de Pontevedra (BOPPO 30 de decembro de 2014), e no seu caso as súas modificacións previo procedemento legalmente establecido cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

CONFIDENCIALIDADE.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.
- d) Restrinxirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.
- e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.
- f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.

Tanto o Concello como a Deputación comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida trala súa finalización.

PROTECCIÓN DE DATOS.



O concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
- Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará



convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.

- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos . No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarálles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.
- No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.
- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - o Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.



- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

Segundo A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

Terceiro Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e



comunicar ao Concello de Salvaterra de Miño as condicións do exercicio da delegación da Recadación Executiva dos Ingresos de Dereito Público Municipais que constan no informe do Sr. Tesoureiro.

4.7889.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DOS CONCELLOS DE AGOLADA, ARBO, AS NEVES, CAMBADOS, CRECENTE, GONDOMAR, O GROVE, MEAÑO, MONDARIZ, MORAÑA, POIO, O ROSAL, SALVATERRA, SILLEDA E SOUTOMAIOR NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE COMPROBACIÓN E INSPECCIÓN ASÍ COMO A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN RESULTANTE DA MESMA DE DIVERSOS TRIBUTOS MUNICIPAIS (EXPTES.- 2022068417 - 2022058118)**

Sra. Presidenta.- No punto 4. Delegación de competencias dos Concellos de Agolada, Arbo, As Neves, Cambados, Crecente, Gondomar, O Grove, Meaño, Mondariz, Moraña, Poio, O Rosal, Salvaterra, Silleda e Soutomaior na Deputación para desenvolver as facultades de comprobación e inspección así como a liquidación e recadación resultante da mesma de diversos tributos municipais. Non habendo solicitude de palabra someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Os Plenos dos Concellos de Agolada, Arbo, As Neves, Cambados, Crecente, Gondomar, O Grove, Meaño, Mondariz, Moraña, Poio, O Rosal, Salvaterra, Silleda e Soutomaior acordaron delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades propias de comprobación e inspección así como a liquidación e recadación resultantes da mesma, e no caso do Concello de O Rosal, a xestión e a recadación voluntaria da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral dos seguintes tributos municipais:

Concello delegante	Data do acordo	Facultades que delegan
AGOLADA	23/08/2022	A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. Así como, emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes da citada facultade. A inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da taxa por aproveitamento



		especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.
ARBO	07/09/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. - (literal de ordenanza). -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. - (incluír literal de ordenanza). -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
AS NEVES	06/09/2022	<p>A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Imposto sobre construcións, instalacións e obras. - Taxa por licenza de obras. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
CAMBADOS	29/09/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral (Taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público local e por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para as liñas, cables, palomiñas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparatos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos). -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes (Caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparatos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos). -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
CRECENTE	16/09/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p>



		<ul style="list-style-type: none"> - Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
GONDOMAR	06/10/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa por ocupación do dominio público con tendidos, tuberías e galerías para as condicións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa por ocupación do dominio público con tendidos, tuberías e galerías para as condicións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
O GROVE	26/09/2022	<p>A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade da veciñanza. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade da veciñanza. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
MEAÑO	30/09/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as condicións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as condicións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
MONDARIZ	30/09/2022	<p>A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por ocupación de subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. <p>Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por ocupación de subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais.



		-Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. - Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral.
MORAÑA	06/10/2022	-Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. - Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
POIO	27/09/2022	A realización das actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da: -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voo sobre os mesmos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da: -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voo sobre os mesmos.
O ROSAL	29/09/2022	A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. A xestión e a recadación voluntaria de: -Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral.
SALVATERRA DE MIÑO	26/09/2022	A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Imposto sobre construcións, instalacións e obras. -Taxa por licenza de obras. -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.



		-Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
SILLEDA	29/09/2022	A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da: -Taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral no Concello de Silleda. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes. Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións da: -Taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral no Concello de Silleda. -Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.
SOUTOMAIOR	29/09/2022	As facultades de: 1.Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de: -Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís ,básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos. 2.Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Xestión Inspección, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital , o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar as delegacións das facultades sinaladas no cadro anterior relativo ás competencias propias de comprobación e inspección así como a liquidación e recadación resultantes da mesma de diversos tributos efectuadas polos Concellos de Agolada, Arbo, As Neves, Cambados, Crecente, Gondomar, O Grove, Meaño, Mondariz, Moraña, Poio, O Rosal, Salvaterra, Silleda e Soutomaior, e no caso do Concello de O Rosal, a xestión e a recadación voluntaria da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración,



fundamentalmente de enerxía, segundo acordos dos respectivos Plenos dos citados concellos adoptados nas sesións indicadas no cadro anterior.

“Obxecto do acordo.

1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as facultades sinaladas no cadro anterior relativo ás competencias propias de:

Comprobación e inspección así como a liquidación e recadación resultantes da mesma de diversos tributos sinalados no cadro adxunto.

No caso do Concello do Rosal delégase tamén a xestión e a recadación voluntaria da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral.

Colaboración interadministrativa.

Para o normal desenvolvemento da delegación efectuada na Deputación de Pontevedra-ORAL, estarase ás obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa en vigor, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Deste modo, o concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.



- A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.
- Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- Porá a disposición do concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos procedementos de comprobación limitada e inspectores levados a efecto.
- A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdiccionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade.

Normativa reguladora.

A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en especial polas normas plenarias que regulen o funcionamento do órgano ORAL (<https://www.depo.gal/es/orzamento>), e a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL (BOPPO 30/04/2013; 01/10/2021-<https://www.depo.gal/es/normativa> - consolidada) e demais disposicións de



pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a Deputación Provincial de Pontevedra colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das ordenanzas fiscais cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

Condicións económicas da delegación.

As contraprestacións polo exercicio da delegación son as que se recollen na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de xestión, inspección, e recadación que se prestan pola Deputación de Pontevedra (BOPPO 30 de decembro de 2014), e no seu caso as súas modificacións previo procedemento legalmente establecido cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

Confidencialidade.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.
- d) Restringirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.
- e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.
- f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.

Tanto o Concello como a Deputación comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida trala súa finalización.

Protección de datos.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e



no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
- Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.



- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos.
- No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.
- No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.
- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.



- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos”.

Segundo.- As delegacións terán unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización dos acordos, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

As delegacións esténdense a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

Terceiro.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.7890.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE DÚAS PINTURAS SOBRE TÁBOA (ECCE HOMO E DOLOROSA) ATRIBUÍDAS A DIERIC BOUTS PERTENCENTES AO MUSEO DE PONTEVEDRA (EXPTES.- 2022068420 – 2022056542 -**



2022047516)

Sra. Presidenta.- No punto 5. Resolución de reclamacións e aprobación definitiva da alteración da cualificación xurídica de dúas pinturas sobre táboa (Ecce Homo e Dolorosa) atribuídas a Dieric Bouts pertencentes ao Museo de Pontevedra. Non hai intervencións, pero si que quero, ¿si? ah, vale, si Sr. Mosquera, disculpe, espere que lle vou a poñer, ten a palabra. Antes de darlle a palabra ó Vicepresidente quero saudar ó avogado do Goberno Polaco a Miquel Bordas que hoxe nos acompaña. Ten a palabra Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Vamos a ver, eu xa sei que é unha resolución de reclamacións pero pa min, pa nós, creo que para este goberno e creo que para toda a corporación tal como foi a votación na, vamos, na aprobación inicial, eu creo que é ben dar unhas palabras do que significa esto. Polo que sei, tampouco son experto, volvemos a ser un exemplo, hai moi poucos museos, institucións e demais que de maneira voluntaria e, vamos, con desapego, sin marear, sin poñer todas as trabas, pois acepta desde o primeiro momento, é dicir, se son dun espolio pois devolvémolas que é un deber ético, á parte de ser un deber, ¿non?, reconecido nos tratados internacionais. Sentimos que nos estean complicando os trámites pois a situación esta de que si a familia reclama, non reclama, bueno, creo que está moi claro, pero bueno, eles teñen dereito a reclamar, ¿non?, pero como é lóxico, pero a nosa vontade está clara, ou sea, é devolverlle ós lexítimos propietarios, bueno, os lexítimos propietarios tal como están os convenios é o Estado Polaco, despois, digo para os trámites, despois alá terán que discutir, terán que discutir a propiedade, pero os tratados están así e lamentamos que nos, vamos, que siga esta situación. En todo caso, eu agardo que sexa por unanimidade como a vez pasada e agardo que esta situación se resolva canto antes e con toda, vamos, a ilusión e con todo o orgullo de participar na mínima parte en que nos corresponde porque o espolio foi monumental, foron millóns, miles polo menos, moitos miles de obras, pois bueno, na parte que nos corresponda pois colaborar na restitución do espolio e bueno, como dixeran pois facelo como non se está facendo, por desgracia, na maioría dos casos, doutros casos en que se dan estas situacións.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera, non hai máis palabras, polo tanto o someto a votación. Resolución das reclamacións e aprobación definitiva da alteración da cualificación xurídica de dúas pinturas sobre táboa atribuídas a



Dieric Bouts pertencentes ao Museo de Pontevedra. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Dada conta da presentación durante o período de exposición pública do expediente de alteración xurídica de dúas pinturas sobre táboa atribuídas a Dieric Bouts pertencentes ao Museo de Pontevedra, de dúas alegacións subscritas ambas por Ramón y Cajal Abogados.

Resultando que o Pleno en sesión de 9 de setembro de 2022 acordou aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica das citadas pinturas sobre táboa, expoñendo ao público o citado acordo polo prazo de un mes a efectos de alegacións e reclamacións. Así mesmo, no citado acordo acordouse á vista da instrución do expediente levado a cabo, e tendo en conta que hai dúas partes persoadas e que ambas se entenden lexitimadas para reclamar a propiedade das mesmas, a devolución das mesmas ao Estado polaco e iso sen prexulgar para nada o dereito de ambas partes sobre a propiedade das mesmas.

Resultando que o anuncio da citada exposición pública foi publicado no BOPPO nº 175 de 13 de setembro de 2022 estando exposto o expediente na súa totalidade e accesible aos cidadáns na sede electrónica da Deputación.

Resultando que durante o citado período de información pública segundo consta no informe emitido polo rexistro de data 17/10/2022, foron presentadas dúas alegacións substancialmente iguais subscritas por Ramón y Cajal Abogados, en nome e representación da Commission for Looted Art e dos catro herdeiros da colección do Castillo de Goluchow (núms. rex. 2022022492 e 2022022586 de data 27/09/2022, respectivamente) e dirixidas unha á Presidencia e outra ó Director do Museo. As citadas alegacións reiteran as xa presentadas con data 01/08/2022 polo citado despacho de avogados. Nelas, véñese a manifestar de novo a súa disposición a facilitar a documentación que se considere por esta Deputación necesaria, e en concreto alégase: que unha autoridade administrativa non pode acordar a alteración da propiedade dun ben sen orde xudicial previa, que a audiencia constitúe un trámite esencial de todo procedemento administrativo e que a devolución das táboas ao goberno polaco sen respectar os dereitos da familia propietaria podería constituír un escándalo a nivel nacional e internacional en merma do prestixio das administracións públicas españolas.



Resultando que o Secretario no seu informe de data 4 de marzo de 2022 que consta no expediente manifesta entre outros: “Agora ben, en relación coas reclamacións da propiedade das táboas, a Deputación non pode nin debe pronunciarse sobre iso, pois non só non coñecemos toda a historia e vicisitudes das mesmas, senón porque é esta unha decisión que compete exclusivamente decidir aos tribunais de xustiza, toda vez que hai dúas partes que se entenden lexitimadas para reclamar a súa propiedade.

O que si está claro tal como reflexan os informes periciais é que as táboas proveñen do espolio nazi da colección do Castillo Goluchow efectuado este durante a II Guerra Mundial, e por iso que entendemos, polas probas que constan no expediente, así como dende o punto de vista ético como en base ao principio de cooperación que ha de imperar nestes casos, que a restitución das mesmas habería que facerse ao goberno polaco como representante legal do Estado e iso, como xa dixemos sen prexulgar para nada o dereito de propiedade sobre as táboas.”

Considerando que o trámite de información pública ao que se someteu este expediente de alteración da cualificación xurídica vén esixido pola lexislación especial (art. 8.2 RD 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens. RB), co fin de que calquera cidadán (teña ou non a condición de interesado no procedemento) poida examinar o expediente e formular alegacións, tendo dereito a que sexan contestadas polo órgano resolutorio. Dito trámite baseado nos principios de audiencia e contradición por un lado e de participación por outro, cumpre unha dobre finalidade, por un lado garantista, para que teñan coñecemento do procedemento persoas que ata o momento non estaban recoñecidas como interesadas e deben selo se se persoan ao ostentar titularidade de dereitos ou intereses lexítimos afectados polo acordo que no seu día se dite e, por outro lado participativa, para que os cidadáns poidan manifestar a súa opinión ao respecto.

Neste sentido nada impide, segundo a STS 12/03/1988 que, indirectamente pase a ser unha vía de entrada para aqueles cidadáns que si ostentan un interese lexítimo no asunto que se persoen no expediente e fagan uso da súa facultade alegatoria.

Considerando en relación coas concretas alegacións presentadas o seguinte:



O expediente de conformidade co art. 8.2 RB, “deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación local respectiva mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número de membros da mesma”, polo que non necesita ningunha orde xudicial previa. Si se esixe por tratarse dunha norma protectora do dominio público unha recepción formal dos citados bens polo órgano competente da corporación (art. 8.3 RB).

Se ben non houbo no expediente un trámite formal de audiencia, os interesados en todo momento puideron presentar e presentaron alegacións e probas ao mesmo e a través do trámite de información pública e así o fixeron polo que non se xerou a ningún indefensión material nin se privou ó acto resolutorio dos requisitos indispensables para acadar o seu fin, invocando para iso o principio de economía procesal (STS 9-febreiro-1996) e incluso ó de seguridade xurídica (STS 24-maio-1995). Neste sentido, como di o TC (STC 59/2002 e Auto 159/2003) para que a indefensión material adquira relevancia constitucional é necesario que o vicio procedemental lle causara un real e efectivo menoscabo das súas posibilidades de defensa, das súas posibilidades de alegar e probar canto aos seus intereses resultase pertinente. A indefensión, non hai que esquecer, que non só ten que ser denunciada polo interesado, senón tamén argumentada polo mesmo (STS 12-12-2001). Por iso, por tratarse dunha cuestión de reclamación de propiedade compete exclusivamente aos Tribunais de xustiza máxime cando hai dúas partes que se entenden lexitimadas para reclamar a propiedade das táboas.

En canto ao manifestado de que a devolución das táboas ao goberno polaco sen respectar os intereses da familia propietaria podería constituír un escándalo a nivel nacional e internacional en merma do prestixio das administracións públicas españolas, hai que manifestar que a propiedade en canto dereito subxectivo primario ten a súa favor unha serie de accións xudiciais tendentes a protexela (art. 348.2 Código Civil), e por iso, como xa dixemos, ó haber dúas partes que se entenden lexitimadas para a súa reclamación é de exclusiva competencia dos tribunais de xustiza a apreciación relativa á xustificación da propiedade mediante o conxunto das probas aducidas así como a dos demais requisitos esenciais para o exercicio da acción reivindicatoria. E en canto ao resto e por tratarse dunha opinión persoal esta non ten resposta xurídica.

Visto o art. 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e a Lei 1/2017, de 18 de abril, sobre restitución de bens culturais que saíron de forma ilegal do territorio español



ou de outro Estado membro da Unión Europea, pola que se incorpora ao ordenamento español a Directiva 2014/60/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014.

Por todo o anterior e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas por Ramón y Cajal Abogados, en nome e representación da Commission for Looted Art e dos catro herdeiros da colección do Castillo de Goluchow ao citado expediente.
2. Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica das dúas citadas pinturas sobre táboa (Ecce Homo e Dolorosa) atribuídas a Dieric Bouts pertencentes ao Museo de Pontevedra e recibir formalmente as mesmas como bens patrimoniais.
3. Delegar no Vicepresidente e deputado delegado do Museo de Pontevedra todos os actos de trámite necesarios para levar a cabo a efectiva transmisión das dúas pinturas sobre táboa.

6.7891.- **RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO DEPUTADO PROVINCIAL D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, CONTRA O ACORDO PLENARIO ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30/09/2022 (Nº 8.7861) REFERENTE A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE.- 2021040010)**

Sra. Presidenta.- No punto 6. Resolución do recurso de reposición interposto polo deputado provincial D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria do día 30 de setembro do 22 referente a aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño escolar seguro ao



CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa Reacon. Non hai solicitudes de intervencións polo tanto vou a someter a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor e 10 en contra.

ANTECEDENTES

1.- Por acordo núm. 7.7624 do Pleno de data 28/05/2021 a Deputación de Pontevedra aprobou as Bases Reguladoras do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19- Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), sendo publicadas no BOPPO núm. 102, do 01/06/2021, e outorgando un prazo de presentación de solicitudes de dous meses a partir de dita publicación. A base reguladora 10ª relativa á documentación complementaria recolle dentro da mesma a necesidade dun certificado expedido polo funcionario público competente no que se acredite (anexo IV) *“a titularidade municipal, ou a súa cesión, dos elementos con estas características, que deberá ser efectiva antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Desta forma esta efectividade considerárase non emendable”*. Ademais a base reguladora 2ª sinala que a Lei Xeral de Subvencións será de aplicación supletoria.

2.- O Concello de Pontearreas presentou unha solicitude a cargo do referido programa REACPON para a actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” dentro da Liña 3, cun orzamento de 963.527,36 euros, e que foi tramitada no expediente nº 2021040010. Na documentación que achegou o concello figura a certificación do Secretario, asinada dixitalmente o 30/07/2022, na que consta *“Bens de titularidade da Deputación de Pontevedra: titular da estrada EP-4001 (Rúa Trovador Juan García de Guillade), no tramo coincidente co proxecto que comprendería desde o Km 0 ata o Km 900. No día 30 de xullo de 2021 recibíuse contestación pola Deputación de Pontevedra (código seguro de verificación: L1PVS0YSODQ0GFZM) indicando que “na actualidade tramítase a proposta de aprobación de transferencia e, posterior entrega ao Concello de Pontearreas, por considerarse conforme co disposto no preámbulo no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia. O que se informa, a pedimento do concello, para os efectos de conformidade coa inclusión do proxecto no Programa Provincial Post-covid 19 (REACPON), ao abeiro da convocatoria publicada no BOPPO de 1 de xuño de 2021”*”.



3.- Por acordo núm. 8.7674 do Pleno do día 24/09/2021 aprobouse o cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Ponteareas dun treito de 900 metros lineais da EP-4001 Ponteareas-Guillade PQ 0+000 ata o PQ 0+900 (Expediente 2021037349). No corpo da acta desa sesión plenaria recóllese que a solicitude de transferencia foi informada favorablemente polos servizos técnicos de infraestruturas e viales provinciais con data 29 de xullo de 2021, e da Intervención provincial con data 08/09/2021. Tamén se recolle que a solicitude de cambio de titularidade se fixo porque o proxecto ía a ser incluído na convocatoria de REACPON da Deputación. Este acordo plenario foi aprobado por unanimidade.

4.- Por acordo núm. 4.7719 do Pleno do día 17/12/2021 aprobouse a concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Programa Reacon, sendo un dos concellos beneficiarios o de Ponteareas pola actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Ponteareas” cunha subvención de 722.645,52 euros nun orzamento de 963.527,36 euros, o importe restante de 240.881,84 euros é cargo do propio Concello de Ponteareas. A concesión fíxose condicionada “*á efectividade do cambio de titularidade do viario*”. Este acordo de concesión foi aprobado por unanimidade.

5.- No Boletín oficial de Galicia núm. 26 de data 08/02/2022 publicouse o Decreto 9/2022, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ponteareas, dun treito da estrada provincial EP-4001 Ponteareas-Guillade, punto quilométrico 0+000 ata o punto quilométrico 0+900. O artigo 3 deste Decreto dispón que “*de acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia. A entrega dos bens formalizarase no prazo de dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre Concello e Deputación*”. E o artigo 4 engade que “*corresponderanlle ao Concello de Ponteareas, a partir da formalización da entrega, todas as actividades das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas*”.

6.- No BOPPO núm. 94 de data 18/05/2022 publicouse o Catálogo de estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra a día 01/01/2022, e na relación de tales estradas aínda continúan na EP-4001 Ponteareas-Guillade como provincial e non municipal os metros cedidos ao Concello de Ponteareas.



7.- Mediante rexistro web2022054886 de data 24/10/2022 polo deputado provincial D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso interponse escrito de reposición no que solicita que se deixe sen efecto, o acordo adoptado no punto 8 da orde do día da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022 referente a aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa REACPON.

8.- No BOPPO núm. 193 de data 07/10/2022 publicouse o extracto de acordos adoptados polo Pleno da Deputación en sesión ordinaria de 30 de setembro de 2022, no que se reflexa que o punto 8 foi aprobado por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e cos votos en contra do PP, grupo ao que pertence o Sr. Lorenzo Alonso.

9.- Remitidas as actuacións do instruído á Secretaría Xeral, por esta emitíuse informe en data 14/11/2022, no que remata por considerar que *“o acordo plenario de 17 de decembro de 2021, de concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para recuperación post-covid-19. Programa Reacion (Reacciona Pontevedra Provincial) polo que foi outorgada a subvención ao Concello de Pontearreas non foi recorrido, acto este do que trae causa o que agora se impugna, polo que o mesmo devén firme e consentido, xa que como vén dicir constante xurisprudencia, rexe o principio xurídico de congruencia (nemo auditur propiam turpidudinem allegans)”*.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Programa REACPON.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Lei 37/2015, de 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, de 28 de xuño de Estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Código Civil autorizado pola Lei de Bases de 11 de maio de 1888.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O escrito de interposición do recurso de reposición está centrado na nulidade de pleno dereito ao abeiro do artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPAC no sucesivo), de Procedemento Administrativo Común, pero sen precisar en concreto ningunha das posibles causas, e equiparando eficacia con validez, sen embargo, no Dereito Administrativo deslíndanse claramente dúas cuestións diversas; a eficacia e a validez dos actos administrativos. A validez estudia elementos intrínsecos do acto, cuxa carencia ou inobservancia provoca vicios que determinan a súa invalidez. Polo contrario, a eficacia analiza o momento no que os actos administrativos poden levarse a efecto, sendo aptos e susceptibles de aplicación; é cuestión relativa, entón, aos requisitos extrínsecos que debe reunir o acto administrativo, xa sexa válido ou inválido, para que o seu contido poida levarse a efecto. Esta distinción non é propia e exclusiva do Dereito Administrativo, pois resulta común a todas as ramas do coñecemento xurídico. Por exemplo, cando se realiza unha compravenda a prazos despois se pasan ao cobro as correspondentes letras ou pagos; unha letra de pago aprazado é válida cando se expide con todos os requisitos correspondentes, pero só é eficaz a partir da súa data de cobro; pretende facerse efectiva a letra con anterioridade desa data, non se conseguirá o seu cobro.

2.- Como é coñecido, con arranxo ao artigo 39 da LPAC, os actos administrativos presúmense válidos e producen os seus efectos dende a data na que se ditan, salvo que neles se dispoña outra cousa. En consecuencia, os actos administrativos son aptos para producir efectos -para aplicarse- dende o mesmo momento en que son ditados, sen que se precise a satisfacción de ningún requisito adicional: é o que se coñece como principio de autotutela declarativa da Administración. Dese xeito, os actos administrativos crean, modifican ou



extinguen unilateralmente situacións xurídicas, sen necesidade de ningún outro requisito externo; é o que se cualifica como acto executivo. Non obstante, existen supostos de eficacia demorada, nos que se impón o cumprimento de certos requisitos -notificación, publicación- en orde a recoñecer a eficacia do acto. Pero tamén hai supostos nos que a eficacia é retroactiva é dicir, que os actos administrativos teñen eficacia a partir dun momento anterior a aquel en que foron ditados. E ao igual que pasa no Dereito Común, artigos 1.113 e 1.114 do Código Civil xunto co artigo 149.3 da Constitución Española, as obrigas poden estar sometidas a un elemento accidental como unha condición, é dicir, un suceso futuro ou incerto do cal dependerá o seu cumprimento.

3.- Cando se concedeu a subvención ao Concello de Pontearreas, a eficacia do acto de concesión como tal non se xebrou del, non houbo unha postergación do recoñecemento ao concello da condición de beneficiario do Programa REACPON, nin tampouco houbo ningún vicio de nulidade. O que sucedeu foi que o acto de concesión se condicionou a un evento futuro para desprezar a súa eficacia, en particular a constatación oficial da transferencia da titularidade dun tramo da estrada provincial EP-4001 Pontearreas-Guillade mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia porque así o demanda a lexislación sectorial. Pero esta lexislación sectorial di claramente “eficacia” non di “validez”, artigo 9.6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño de Estradas de Galicia, ao igual que o artigo 18.3 do seu Regulamento aprobado polo Decreto 66/2016 de 26 de maio.

4.- O requisito da publicación do cambio de titularidade para acadar a eficacia tamén ten que ser atemperado, pois a referida Lei 8/2013 de Estradas de Galicia establece na exposición de motivos que “a titularidade que se recoñece ás distintas administracións territoriais sobre as estradas aparece vencellada á súa inclusión nos respectivos catálogos de estradas, que se configuran desa maneira como instrumentos públicos que serven para identificar e inventariar as estradas da súa titularidade”. Cando o cambio de titularidade de tramos de estradas xa ten a consideración de modificación do catálogo, artigo 10.4 e 6 da Lei 8/2013, mentres que a experiencia ou a práctica xurídica, nos amosa que os catálogos son obxecto de publicación actualizada por anualidade.

5.- A Base Reguladora Décima do Programa Reacpon, en efecto, indica que a titularidade municipal, ou a súa cesión, dos elementos nos que se van a desenvolver as actuacións, deberá ser efectiva antes de que finalice o prazo de



presentación de solicitudes. E engade como tamén indica a parte impugnante, que “desta forma esta efectividade considerarase non emendable”. Que a titularidade ou a cesión sexa efectiva antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes non quere dicir que o acto de concesión da subvención teña que ser sempre puro, ou que nunca se poida subordinar ao cumprimento dunha condición positiva de índole solemne como a publicación dun diario oficial.

6.- O que quere dicir esta Base é, que dentro do prazo de presentación de solicitudes non se poden validar negocios incompletos ou anulables, nin tampouco se poden presentar solicitudes que non teñen apoio real na execución ou *efectividade* das competencias municipais. Isto é así porque ao tempo de rematar o prazo de presentación de solicitudes cada concello participante ten que estar en condicións de poder exercitar a competencia municipal sobre os bens nos que pretende actuar, en calidade de titular. E o Concello de Pontearreas si que estaba en esta situación, xa que o informe do Servizo de Infraestruturas e Mobilidade da Deputación establece que “*este treito, que recibe a denominación municipal de Rúa Trovador Juan García de Guillade, ten na actualidade unhas características **funcionais e de utilidade, que son asimilables ao viario municipal** de tipo urbano dada conta que dispón de beirarrúas e ambas marxes, bandas laterais de aparcamento de vehículos e alumado público*”.

7.- O Concello de Pontearreas solicitou o cambio de titularidade en data 12/07/2021 acompañado de datos obxectivos e substantivos, debido ás características municipais que ten a estrada provincial, a cal xa non presenta características de vía provincial no referido tramo a tenor do mesmo informe técnico. O significativo é que o artigo 55 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, de 2 de abril, lembra a necesidade de respectar o exercicio lexítimo por outras administracións das súas competencias e as consecuencias que do mesmo se derivan para as propias, ao igual que o artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.- O escrito do recurso de reposición trae a colación o suposto do Concello de Ribadumia, que na sesión plenaria do día 17/12/2021 foi desestimada no marco do Programa REACPON, por *non dispoñer da titularidade dos terreos ou dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña unha duración indefinida, xa que a actuación que se pretende realizar afecta a un viario de titularidade provincial (apartado 1 da base 6ª)*. Pois ben, por unha banda, este acordo foi deliberado, votado e aprobado por unanimidade



xunto a concesión ao Concello de Pontearreas nun único acto. E por outra banda, non hai constancia de que o Concello de Ribadumia solicitara o cambio de titularidade da estrada, nin tampouco hai documento técnico algún que avale que a estrada provincial teña características de vía municipal. Sen esquecer que o acordo plenario do día 17/12/2021 só está impugnado en vía xudicial polos Concellos de O Porriño e Soutomaior, para os demais concellos participantes, e para a propia Deputación, pasa en autoridade de acto consentido e firme.

9.- En todo caso, o recurso está centrado no acordo plenario nº 8.7861 de data 30/09/2022, que aproba o proxecto modificado da actuación do Concello de Pontearreas e unha eventual estimación do recurso non lle priva de validez e eficacia ao acordo anterior de concesión, nin fai que o Concello de Ribadumia sexa beneficiario do Programa REACPON. Ao sumo o que faría é que se tería que executar unha obra cun proxecto que xa non responde ás necesidades actuais, isto non ten respaldo legal, vai en contra da lealdade institucional e a adecuación ao orde de distribución de competencias establecido na normativa do réxime local.

III.- REXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, no caso o Pleno da Deputación Provincial.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo deputado provincial D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso contra o acordo plenario nº 8.7861 do día 30/09/2022, confirmando na súa integridade a aprobación do proxecto modificado da actuación “*Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas*” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa REACPON (Expte.- 2021040010).

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto a conclusión á cal chega, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2022, e vistos os informes da Xefatura de Servizo de Cooperación



(CSV: ZVASYSWXXKQKC5P5Z), da Secretaría Xeral (CSV: GA6FKM5S5F7QB554), e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social (CSV: KD5XX49DAUFU924X), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- Aprobar a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto polo Deputado provincial D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso contra o acordo nº 8.7861 adoptado polo Pleno en sesión ordinaria do día 30/09/2022 referente a aprobación do proxecto modificado da actuación “*Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Ponteareas*” presentado polo Concello de Ponteareas ao abeiro do Programa REACPON (Expte.-2021040010), confirmado o decidido na súa integridade.
- Darlle traslado do presente acordo ao Deputado Provincial D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.7892.- **ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPT.-2021039977)**

Sra. Presidenta.- No punto 7 da orde do día. Aceptación da renuncia do Concello de Cerdedo-Cotobade á subvención concedida no marco do Programa provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para recuperación post-covid-19 (Programa Reacpon). Non hai solicitude de intervención, polo tanto o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- No marco do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) (Bases reguladoras e convocatoria aprobadas mediante acordo núm. 7.7624



do Pleno da Corporación Provincial de data 28/05/2021 e publicadas no BOPPO núm. 102 de 01/06/2021), mediante acordo núm. 4.7719 de 17/12/2021, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Cerdedo-Cotobade, por importe de 391.991,61 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade”. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do dito Programa, “tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, no caso de que os proxectos contemplan varias actuacións, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes”.

- Mediante Resolución Presidencial núm. 2021007866 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/01/2022. O convenio, de acordo coas porcentaxes de cofinanciamento previstas nas bases da convocatoria para cada caso, distribúe o financiamento do investimento, cun orzamento total de 489.989,51€, entre a Deputación, mediante a achega do Programa REACPON (aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021) e o Concello, mediante unha achega con cargo aos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter, de acordo coa seguinte táboa:

	Achega	Porcentaxe
Deputación	391.991,61€	80,00%
Concello	97.997,90€	20,00%
Total	489.989,51€	

- Na data 31/03/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022018437) unha Resolución da Alcaldía declarando deserto o procedemento de licitación do contrato de obra “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade” e un informe do Sr. Alcalde para aclarar que “se fixo unha sondaxe informal entre varias empresas do sector para tratar de aclarar o motivo polo cal quedou deserta a licitación,



chegando á conclusión que os prezos do proxecto non se axustaban á realidade actual; e polo tanto non cubrían o custo da realización das obras”.

- Na data 26/04/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022025227) un proxecto reformulado do proxecto inicial (emendado o 05/05/2022 Rexistro WEB2022028672) no que o orzamento aumenta 424.193,99€ (86,57%) ata o importe de 914.183,50€ e a certificación do acordo do Pleno municipal de aprobación do proxecto reformulado. Mediante o acordo nº 7.7799, o Pleno da Corporación Provincial de 27/05/2022, acordou aprobar o proxecto reformulado.
- Visto que, por Resolución Provisional da Convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Dirección Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura do MITMA de data 25/10/2022, non se lle concede ao Concello a subvención solicitada e que, nestas condicións o Concello non conta coa existencia do crédito necesario para a realización do proxecto “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade”, incluído no programa REACPON, na data 28/10/2022 o Concello presenta por Instancia Xenérica no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022055591) unha certificación da Resolución da presidencia de data 28/10/2022, resolvendo “Renunciar á concesión de subvención concedida ao abeiro do programa REACPON do proxecto “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade”, por importe de 391.991,61€, e solicitar a extinción do Convenio asinado”.
- Na data 09/11/2022 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable á aceptación da renuncia.
- Na data 15/11/2022 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes:



- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes á súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

Competencia para resolver:

- En virtude das competencias recollidas no artigo 33 da LRBRL, no artigo 50 do ROFRXEL, no artigo 185 do TRLRFL, no artigo 63 do RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, correspóndelle ao Pleno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

Xuridicamente a renuncia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión nun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente,



mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Cerdedo-Cotobade presenta, en data 28/10/2022 a súa renuncia formal á subvención concedida, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación Post-Covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), co obxecto do financiamento da actuación do investimento “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade”, debido a que, ao non serlle concedida a subvención solicitada na convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), o Concello non conta coa existencia do crédito necesario para a realización do proxecto.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 09/11/2022 (CSV: Q4OBKX36YW0IKMML), a dilixencia de conformidade de Intervención de 15/11/2022 (CSV: NGX8JIENHCX3V2FZ), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 18/11/2022 (CSV: KMEH6YP8ZQHBX4C2), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do Concello de Cerdedo-Cotobade á subvención concedida por importe de 391.991,61 euros, no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación Post-Covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), co obxecto do financiamento da execución da actuación denominada “Reforma integral da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade” (Expte.- 2021039977).
- Dar por extinguido o Convenio de colaboración asinado, segundo o establecido na cláusula 12ª do mesmo.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cerdedo-Cotobade, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.7893.- **APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA MARCA “RÍAS BAIXAS FEST PONTEVEDRA PROVINCIA” (EXPTE.- 2022061138)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Aprobación inicial da ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”. Non hai intervencións, polo tanto tamén o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O 5 de outubro de 2022, a Técnica de Administración, coa conformidade da Xefa do Servizo de Turismo e da Deputada delegada de Turismo, emite informe sobre incoación do procedemento para a aprobación da ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia” (CSV: Q96ZYZHEP1VIFY4VZ).

En cumprimento do establecido no artigo 133 LPAC, con carácter previo á elaboración da ordenanza iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra. Durante o período de consulta, do 13 ao 23 de setembro de 2022 non se recibiron propostas nin suxestións, segundo certificado emitido pola Xefa de Sección de Contidos Web (CSV: VVABI9OXZQS62LHC).

Consta no expediente informe de impacto por razón de xénero emitido pola Xefa do Servizo de Igualdade o 19 de outubro de 2022 (CSV: CB99ZQDXBJOJEAYJ).

Consta no expediente informe favorable de Secretaría de data 27 de outubro de 2022 (CSV: 9XMNWXYZTSJMO9XDR) e dilixencia de conformidade de Intervención, de data 31 de outubro de 2022 (CSV: 1CTH3PFBYIADFO9W). Segundo o disposto no artigo 33.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia do Pleno da Deputación de Pontevedra a aprobación das ordenanzas.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”, de conformidade co seguinte tenor literal:

“ORDENANZA REGULADORA DO USO DA MARCA “RÍAS BAIXAS FEST PONTEVEDRA PROVINCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a execución, coordinación e impulso de accións de promoción e desenvolvemento do destino Rías Baixas, apostando por unha oferta turística de calidade mediante a unificación, fomento e seguimento da mesma, mesmo nas actuacións de impulso e consolidación de proxectos dirixidos ao turista ou consumidor final, que ao visitar un destino culmina con este complexo e heteroxéneo proceso.

O Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021 – 2023 é unha ferramenta da Deputación de Pontevedra articulada desde unha análise e diagnóstico do destino. Dentro do mesmo, o documento pon de manifesto que o produto de festivais é prioritario, estratéxico e está consolidado. O plan desenvolve o eixo 1 dedicado á promoción e comunicación, que incorpora a actuación “promoción Rías Baixas Fest”, englobando o impulso dun modelo de xestión e administración de turismo de festivais e a definición de accións de promoción e comunicación de “Rías Baixas Fest” co obxectivo de incrementar a visibilidade e notoriedade da marca entre o público para aproveitar o potencial de fidelización dos festivais.

A evolución positiva dos últimos anos pon en evidencia a contribución socioeconómica dos festivais de música na provincia de Pontevedra, xerando riqueza, creando emprego e contribuíndo ao crecemento doutros sectores económicos da zona, como son o comercio, a hostalaría, o transporte ou o turismo. Por todo isto, a Deputación de Pontevedra elaborou o Plan de Xestión de Turismo de Festivais, que permite abordar de modo eficiente e eficaz, baixo un marco estratéxico o conxunto de decisións e actuacións que deben realizarse neste ámbito.

O Plan de Xestión do Turismo de Festivais da Provincia de Pontevedra desenvolve varias liñas estratéxicas, entre as que se destaca a de impulsar un modelo de xestión e administración do turismo de festivais dende a Deputación Provincial de Pontevedra.



Neste senso, recolle a necesidade de regular a marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia” e o procedemento para obter a autorización necesaria para o seu uso por parte de organizadores e promotores de festivais de música que se desenvolvan na provincia de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra é titular da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”, rexistrada co número 4.121.487 pola Oficina Española de Patentes e Marcas, e ostenta o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico durante dez anos, dende a data de concesión, podendo renovarse indefinidamente por períodos posteriores de dez anos.

A Deputación de Pontevedra ostenta a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as entidades locais poderán aprobar ordenanzas e regulamentos que en ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.

Co fin de que a marca “Rías Baixas Fest” poida ser utilizada en réxime de igualdade, publicidade e non discriminación por parte da cidadanía, resulta necesaria a regulación das súas condicións de uso e o réxime de autorización.

A ordenanza é unha norma necesaria e adecuada para regular o réxime de autorización do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia” e contén a regulación imprescindible para atender as necesidades a cubrir, non existindo outras medidas menos restritivas de dereitos ou que imponían á cidadanía menos obrigas que permitan acadar os fins perseguidos.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, e o regulamento respecta o disposto nas normas de rango superior.

En cumprimento do principio de transparencia, en cumprimento co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración do regulamento iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación



de Pontevedra. Durante o período de consulta non se recibiron propostas nin suxestións.

A norma, unha vez aprobada segundo o procedemento contido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, publicárase no apartado “transparencia” da páxina web da institución provincial.

Estas medidas posibilitan o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración e posibilitan que a cidadanía teña unha participación activa no proceso de elaboración da norma.

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias para as persoas usuarias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto fixar as condicións de acceso ao uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia” (en adiante “a marca”) que se expresa a través do elemento figurativo reproducido no Anexo.

A marca constitúe unha ferramenta para impulsar o crecemento dos festivais de música na provincia de Pontevedra e posicionar a provincia de Pontevedra como un destino turístico de referencia no ámbito nacional e internacional.

ARTIGO 2. TITULARIDADE E ADMINISTRACIÓN DA MARCA

A Deputación provincial de Pontevedra é a titular da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”, tendo a facultade de xestionar e administrar a marca durante o tempo de vixencia do título de rexistro da marca.

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

A autorización do uso da marca rexeráse pola presente ordenanza e polas seguintes disposicións legais, os seus desenvolvementos posteriores e polas demais normas de pertinente aplicación:



- Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 4. ÁMBITO SUBXECTIVO

Poderán solicitar o uso da marca as persoas xurídicas ou empresarios individuais que promovan festivais de música que se celebren na provincia de Pontevedra para identificar os ditos festivais, sempre que estes cumpran as seguintes condicións:

- Edicións anuais mínimas celebradas na provincia de Pontevedra: un mínimo de catro edicións nos últimos oito anos.
- Duración mínima do festival na última edición: dous días consecutivos.
- Persoas artistas programadas: un mínimo de dez artistas en cada edición.
- Cifra mínima de asistentes da última edición do festival: 2.500 asistentes (suma de asistentes durante todos os días de celebración).
- Venda de entradas: como mínimo, o 95 % do público asistente da última edición debe corresponder a entradas postas á venda ao público en xeral, conforme a prezos de mercado.
- Orzamento mínimo global da última edición do festival: 100.000 €. Enténdese por orzamento global o custe total da organización e promoción do festival.
- Impacto en redes sociais: cifra mínima de 15.000 seguidores entre tres canais (Facebook, Instagram e Twitter, preferiblemente, ou outras redes sociais de tendencia no momento da solicitude).
- Estratexia de desenvolvemento sustentable: desenvolvemento, durante a última edición do festival, de dúas accións, como mínimo, que procuren os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030 aprobada pola ONU no ano 2015. Un dos obxectivos deberá ser, obrigatoriamente o ODS 5, referido á igualdade de xénero.
- Ter obtido a licenza municipal preceptiva para a celebración do festival.

No caso de que se adopten medidas administrativas xerais derivadas dunha crise sanitaria ou circunstancias similares de forza maior que impliquen restricións sobre a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou que limiten a celebración de espectáculos públicos, os requisitos para obter a autorización referidos á última edición entenderanse referidos á última edición celebrada en condicións de normalidade.



ARTIGO 5. EVENTOS SUSCEPTIBLES DE UTILIZAR A MARCA

A marca poderá ser utilizada para identificar os festivais musicais celebrados na provincia de Pontevedra para os que se outorgue a correspondente autorización.

TÍTULO II PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN

ARTIGO 6. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 3 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

ARTIGO 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

ARTIGO 8. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Certificación de alta en actividades económicas (IAE).
- Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e fronte á Seguridade Social.



No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no apartado correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

ARTIGO 9. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A AUTORIZACIÓN DO USO DA MARCA

Xunto coa solicitude, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do festival, que recollerá como mínimo a seguinte información:
 - o Antecedentes, traxectoria e outros aspectos que considere relevantes do festival.
 - o Datas e lugares de celebración das últimas catro edicións do festival, como mínimo.
 - o Programación de cada unha das catro últimas edicións do festival, como mínimo.
 - o Descrición do recinto de celebración.
 - o Número de persoas asistentes a cada unha das catro últimas edicións do festival.
 - o Número de entradas á venda e aforo en cada unha das catro últimas edicións do festival.
 - o Orzamento global de gastos e de ingresos da última edición celebrada, desagregado por conceptos diferenciados (por partidas orzamentarias diferenciadas).
 - o Plan de comunicación e análise de resultados no que se amose o impacto e número actual de seguidores en redes sociais.
 - o Descrición da estratexia de desenvolvemento sustentable na que se detallen as accións levadas a cabo durante a última edición do festival para a procura dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, debendo ser un deles o ODS 5, referido á igualdade de xénero.
- Copia da licenza municipal para a celebración de cada unha das últimas catro edicións do festival.

ARTIGO 10. NOTIFICACIÓNS



As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Cidadá e da Dirección Electrónica Habilitada Única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>. As notificacións practicaranse a través da “Carpeta Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú)”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta da disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

ARTIGO 11. EMENDA DAS SOLICITUDES E TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E A SÚA EMENDA

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta Lei, que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que



se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:
<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

ARTIGO 12. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.

Recibidas as solicitudes, o órgano instructor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime conveniente para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

En particular, o órgano instructor verificará se concorren os requisitos esixidos para outorgar a autorización.

Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas ou, no seu caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo de dez días.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

ARTIGO 13. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A resolución do procedemento corresponde á Presidencia da Deputación de Pontevedra ou deputado ou deputada en quen delegue.

A resolución ditarase de forma electrónica, decidirá sobre a estimación ou non da solicitude de autorización e incluírá, entre outros aspectos, os produtos e eventos para os que se autoriza o uso da marca e as obrigas da entidade solicitante con relación a esta autorización.



A resolución notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para resolver e notificarlles ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de tres meses a contar dende a data en que a tivera entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución aos interesados, a solicitude entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa. Contra ela, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

TÍTULO III PRAZO DE VIXENCIA

ARTIGO 14. PRAZO DE VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN

A autorización do uso da marca terá unha vixencia indefinida en tanto se manteñan as condicións e circunstancias nas que se fundamentou e a Deputación de Pontevedra manteña o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico.

Non obstante, para a conservación da autorización a entidade beneficiaria deberá xustificar anualmente o mantemento esixencias para a súa autorización; a estes efectos, deberá realizar o trámite previsto no artigo seguinte.

ARTIGO. 15 TRÁMITE PARA A CONSERVACIÓN DA AUTORIZACIÓN

Para a conservación da autorización as entidades beneficiarias deberán xustificar anualmente o mantemento das condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión a través da presentación dunha declaración que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co



establecido nos artigos 14.2 e 3 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa declaración, as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do festival, que recollerá como mínimo a seguinte información:
 - o Datas e lugares de celebración da última edición celebrada.
 - o Programación da última edición celebrada.
 - o Descrición do recinto de celebración.
 - o Número de persoas asistentes á última edición celebrada.
 - o Número de entradas á venda e aforo na última edición celebrada.
 - o Orzamento global de gastos e de ingresos da última edición celebrada, desagregado por conceptos diferenciados (por partidas orzamentarias diferenciadas).
 - o Plan de comunicación e análise de resultados no que se amose o impacto e número actual de seguidores en redes sociais.
 - o Descrición da estratexia de desenvolvemento sustentable na que se detallen as accións levadas a cabo durante a última edición do festival para a procura dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, debendo ser un deles a igualdade de xénero.
- Copia da licenza municipal para a celebración da última edición do festival.

Para a tramitación deste trámite consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Certificación de alta no actividades económicas (IAE).
- Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e fronte á Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no apartado correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

As persoas interesadas deberán realizar este trámite no prazo mínimo de tres meses antes do cumprimento de cada anualidade de vixencia da adhesión. A non realización do trámite dará lugar á suspensión automática da adhesión, así como ao inicio do procedemento de resolución.



A suspensión levantarase pola aportación da documentación, se aínda non se comunicara á persoa interesada o inicio do procedemento de resolución.

Á vista da documentación, o órgano instrutor do procedemento emitirá un informe sobre o mantemento da vixencia da adhesión que elevará ao órgano competente para resolver.

TÍTULO IV CONDICIÓN DE USO

ARTIGO 16. USO DA MARCA

A marca soamente poderá ser utilizada polas persoas autorizadas nas condicións e forma específicas que se sinalen na resolución de autorización e para os produtos e eventos concretamente autorizados.

A persoa autorizada en ningún caso poderá sublicenciar nin ceder os dereitos que se deriven da autorización.

ARTIGO 17. PROHIBICIÓN DE REXISTRO

As persoas autorizadas para utilizar a marca non poderán solicitar a inscrición, en ningún país, dun signo idéntico ou semellante ou que, de calquera forma poida inducir a erro, confusión ou aproveitamento da reputación desta marca.

ARTIGO 18. UTILIZACIÓN DA MARCA

A marca non poderá ser utilizada de forma que prexudique á imaxe dos produtos para os que se outorgue a autorización ou á Deputación de Pontevedra.

ARTIGO 19. VANTAXES DA AUTORIZACIÓN DO USO DA MARCA

A autorización do uso da marca proporcionará ás persoas autorizadas as seguintes vantaxes:

- Utilización da marca no festival de música que promova a persoa solicitante nos termos especificados na autorización.
- Desenvolvemento dunha imaxe e unha cultura corporativa común para todos os festivais de música da provincia ó facer uso da marca.



- Coordinación e apoio técnico entre a Deputación de Pontevedra e as persoas organizadoras dos festivais de música autorizadas para o uso da marca no referido a políticas turísticas.
- Posibilidade de acceder ás accións de promoción, comunicación e capacitación profesional que realice a Deputación de Pontevedra vinculadas ós festivais de música como elemento de atracción turística.
- Posibilidade de acceder a contratos de patrocinio ou axudas que convoque a Deputación de Pontevedra, cuxa finalidade sexa a posta en valor dos festivais de música e a súa promoción.
- Participar nas accións futuras derivadas da posta en marcha do Plan de Xestión Turística de Festivais de Música da provincia de Pontevedra.

ARTIGO 20. OBRIGAS

As persoas autorizadas para o uso da marca comprométense a cumprir as seguintes obrigas:

- Manter os requisitos para o outorgamento de autorización de uso da marca.
- Non facer un uso indebido da marca.
- Non ceder a marca nin autorizar o seu uso a terceiros.
- Cumprir co establecido no manual de identidade corporativa de uso da marca.
- Comunicar á Deputación de Pontevedra calquera modificación que se produza nas condicións que deron lugar á autorización do uso da marca.
- Cumprir a normativa urbanística, medioambiental, sanitarias ou de calquera outra índole que resulte de aplicación no ámbito material e territorial da actividade para a que solicite autorización de uso da marca.
- Obter cantas licenzas e autorizacións sexan necesarias para a celebración da actividade na que se utilizará a marca.
- Participar nas accións de promoción e comunicación organizadas pola Deputación de Pontevedra vinculadas aos festivais celebrados na provincia de Pontevedra.
- Empregar unha linguaxe oral, escrita e iconográfica exenta de sexismo en toda a documentación, imaxe ou material que se xere para o público así coma na divulgación dos festivais.

ARTIGO 21. CONTROL E INSPECCIÓN



A Deputación de Pontevedra poderá efectuar, por si mesma ou a través das persoas que designe, cantas actuacións estime necesarias para a comprobación do adecuado uso da marca.

ARTIGO 22. REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O incumprimento das obrigas por parte da persoa autorizada dará lugar á revogación do dereito de uso da marca, tras a tramitación do correspondente procedemento contradictorio e, en consecuencia, da perda de dereitos derivados da pertenza á mesma.

En caso de revogación do dereito de uso da marca, a persoa estará obrigada, no prazo de dez días hábiles, a retirar toda alusión ao uso da dita marca nos soportes físicos e online nos que estivese inserida, así como a non utilizar copias ou reproducións da marca e a retirar a documentación pública calquera referencia ou mención á mesma.

ARTIGO 23. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización do uso da marca extinguirase polas seguintes causas:

1. Por perda da facultade da Deputación de Pontevedra a xestionar e administrar a marca.
2. Por expiración do período para o que se concedeu a autorización ou, no seu caso, a renovación, sen que o interesado solicitara, no prazo establecido, a oportuna renovación.
3. Por revogación da autorización.
4. Por calquera outra causa legal ou regulamentariamente establecida.

ARTIGO 24. SUPOSTOS DE SUCESIÓN DA PERSOA AUTORIZADA

No caso de producirse a fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, a autorización manterase coa entidade á que se atribúa a celebración do festival para o que se autorizou o uso da marca. A dita entidade quedará subrogada nos dereitos e obrigas da persoa autorizada, sempre que reúna as condicións esixidas para a autorización.

Aos efectos anteriores, a empresa deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a circunstancia que se producira. No seu caso, deberá aportar a documentación acreditativa de reunir as condicións esixidas para a autorización.

ARTIGO 25. DEFENSA DA MARCA



En caso de producirse a violación do dereito de marca, soamente a Deputación de Pontevedra, como titular da mesma, poderá exercer ante os órganos xurisdiccionais as accións que correspondan contra os que lesionen o seu dereito e esixir as medidas necesarias para a súa defensa.

No caso de que algunha das persoas autorizadas teña coñecemento dalgunha violación do dereito de marca deberá poñelo en coñecemento da Deputación de Pontevedra.

TÍTULO V PROTECCIÓN DE DATOS

ARTIGO 26. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súa propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO

Autorízase á Presidencia da Deputación para ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento deste regulamento.

SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR



Esta ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Publicarase, así mesmo, na sección de transparencia do portal corporativo da Deputación de Pontevedra.

Manterá a súa vixencia en tanto a Deputación de Pontevedra manteña a facultade de xestionar e administrar a marca en virtude da vixencia do título de rexistro da mesma.

ANEXO
ELEMENTO DISTINTIVO DA MARCA



En Pontevedra, na data da sinatura dixital.”

Segundo.- Someter o dito texto a exposición pública por un prazo de 30 días hábiles, mediante anuncios no BOPPO, no taboleiro provincial e no portal de transparencia provincial. Neste último publicarase tamén o texto da disposición, a súa memoria xustificativa e os informes emitidos.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a ordenanza no caso de non presentarse alegacións en prazo.

Cuarto.- Proceder, unha vez aprobadas definitivamente tales modificacións, a súa publicación íntegra no BOPPO, sen que entre en vigor ata que teña lugar dita publicación e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985,



Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, procederáse á publicación do seu texto no portal de transparencia.

9.7894.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA DO TREITO ANTIGO FINAL DE EP-9002 FEFIÑÁNS-OUBIÑA (EXPTE.- 2022001521)**

Sra. Presidenta.- No punto 9. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Vilanova de Arousa do treito antigo final da estrada provincial 9002 Fefiñáns-Oubiña. Non hai intervencións, o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes

1. A estrada provincial EP-9002 Fefiñáns – Oubiña forma parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo parcialmente polo termo municipal de Vilanova de Arousa.
2. Solicitud de transferencia do treito antigo final da estrada provincial EP-9002 Fefiñáns - Oubiña, de 86 metros de lonxitude, presentada polo Concello de Vilanova de Arousa mediante a aprobación do convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9702 As Sinas – Vilanova, entre o PQ 1+415 e o PQ 2+225*”, con data de sinatura 30 de maio de 2022.
3. Informe dos servizos técnicos de data 7 de outubro de 2022, relativo á solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta, facendo constar que o treito que se solicita é estremeiro e como consecuencia da execución do novo trazado da EP-9703 Vilanova – Pontearnelas, co que intersecta aproximadamente no seu PQ 5+200, queda separado do seu itinerario viario, polo tanto, deixou de ter a funcionalidade de viario principal, tendo na actualidade características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo principalmente de acceso aos predios e edificacións lindeiras.

Consideracións legais e técnicas:



1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 5 de outubro de 2022. No informe sinálase:

“O treito antigo final da Estrada Provincial EP- 9002 Fefiñáns-Oubiña está situado a partir do seu pq. final, o 4+613, sendo consecuencia da execución do novo trazado da EP-9703 Vilanova – Pontearnelas, co que intersecta aproximadamente no seu PQ 5+200, este novo trazado fixo que quedara separado do seu itinerario viario, polo tanto, deixou de ter a funcionalidade de viario principal, tendo na actualidade características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo principalmente de acceso aos predios e edificacións lindeiras, tendo, polo tanto, a consideración de elemento funcional en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e as continuidades dos itinerarios dos que forman parte, logo que o itinerario mantense pola Estrada Provincial EP-9703 Vilanova – Pontearnelas, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Polo anterior, considérase que o antedito treito antigo final da EP-9002 Fefiñáns-Oubiña, carece da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e circulación de vehículos



automóviles, en consecuencia, non ten as características propias dunha estrada provincial de servizo para as comunicacións interurbanas, por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Vilanova de Arousa poderá garantir un mellor mantemento deste treito antigo e levar un control máis directo sobre o mesmo para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia do treito sinalado polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Vilanova de Arousa, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 7 de outubro de 2022 , o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de cento oito mil seiscentos noventa e catro euros (108.694,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.



O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2. ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Vilanova de Arousa do treito antigo final da EP-9002 Fefiñáns - Oubiña, de 86 metros de lonxitude.

O devandito treito da estrada incorporarase á relación de estradas de titularidade do Concello de Vilanova de Arousa tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello”.

10.7895.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE SANXENXO DA EP-9212 NOALLA-PRAIA DA LANZADA (EXPTE.-2020040168)**



Sra. Presidenta.- Agora, desculpen vou a retroceder ó 10. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Sanxenxo da estrada provincial 9212 Noalla-Praia da Lanzada. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes

1. A estrada provincial EP-9212 Noalla – Praia da Lanzada, de 1.649 metros de lonxitude total, forma parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo integramente polo termo municipal de Sanxenxo.
2. Solicitud de transferencia da estrada provincial EP-9212 Noalla – Praia da Lanzada, de 1.649 metros de lonxitude, presentada polo Concello de Sanxenxo mediante a aprobación do convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na EP-9212 entre Noalla e a Praia da Lanzada, dende o PQ. 0+000 ata o PQ. 1+224*”, con data de sinatura 14 de abril de 2021.
3. Informe dos servizos técnicos de data 6 de outubro de 2022, relativo á solicitud de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta, facendo constar que a estrada está situado nun entorno de carácter e funcionalidade urbana e de núcleo rural, facendo a conexión do núcleo poboacional de Noalla coa estrada de titularidade autonómica PO-308 que discorre fronte á Praia da Lanzada.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).



— Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 6 de outubro de 2022. No informe sinálase:

“A Estrada Provincial EP-9212 Noalla – Praia da Lanzada, está situada nun entorno de carácter, funcionalidade e clasificación urbanística de tipo urbano e de núcleo rural, facendo a conexión do núcleo poboacional de Noalla coa estrada de titularidade autonómica PO-308 que discorre fronte á Praia da Lanzada.

Esta estrada provincial ten unha elevada densidade edificatoria destinada a usos residenciais permanentes e hoteleiros con alta ocupación estival, dada conta que serve de acceso á recoñecida Praia da Lanzada, ademais, en desenvolvemento do antedito convenio, foi obxecto dunha mellora da seguridade viaria, mantendo o dobre sentido de circulación, mediante a construción dunha senda peonil e dunha plataforma única de uso compartido con preferencia peonil, foi renovada tamén a capa de rodaxe, a sinalización horizontal e vertical, limitouse a velocidade máxima dos vehículos a 20 km/h, executáronse pasos de peóns sobreelvados, do mesmo xeito, foron renovados os servizos urbanísticos de abastecemento de auga e saneamento de augas pluviais, por todo o anterior, trátase dun viario que na actualidade conta cunhas características funcionais, de servizo e de utilidade equivalentes ás propias dos viarios ou rúas municipais, servindo principalmente para o acceso ás edificacións e predios lindeiros.

Polo tanto, esta estrada xa non conta co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano”.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia da estrada sinalada polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Sanxenxo, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 6 de outubro de 2022 , o valor patrimonial



dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de catro millóns cincocentos oitenta e cinco mil cento trinta e seis euros (4.585.136,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2. ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.



Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Sanxenxo da estrada provincial EP-9212 Noalla – Praia da Lanzada.

O devandito treito da estrada incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Sanxenxo tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello”.

11.7896.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE CANGAS DO TREITO ENTRE O PQ 0+000 AO 2+080 DA EP-1001 CANGAS-COIRO-A MADALENA (EXPTE.- 2020042641)**

Sra. Presidenta.- No punto 11, que tamén é un cambio de titularidade, neste caso para a entrega ó Concello de Cangas do treito da estrada provincial 1001 Cangas-Coiro-A Madalena. Non hai solicitudes de intervencións, o someto a votación, *(escóitase falar ó Secretario)*, ¡ah!, si vou a someter o 11 e logo me salto ó 10 disculpen. ¿Votos a favor deste cambio no Concello de Cangas? ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes

1. A estrada provincial EP 1001 Cangas – Coiro – A Madalena, de 4.804 metros de lonxitude total, forma parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo íntegramente polo termo municipal de Cangas.
2. Solicitude de transferencia do treito da estrada provincial EP-1001 Cangas – Coiro – A Madalena, do PQ 0+000 ao PQ 2+080, de 2.080 metros de



lonxitude, presentada polo Concello de Cangas mediante a aprobación do convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade peonil na EP-1005 Viso - Hío*”, con data de sinatura 5 de febreiro de 2021.

3. Informe dos servizos técnicos de data 5 de outubro de 2022, relativo á solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta, facendo constar que o treito que se solicita e estremeiro e está situado nun entorno de carácter e funcionalidade urbana e de núcleo rural, sendo denominado parcialmente polo rueiro municipal como Avenida de Lugo.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 5 de outubro de 2022. No informe sinálase:

“O treito da EP-1001 Cangas – Coiro – A Madalena, dende o PQ 0+000 ao PQ 2+080, está situado nun entorno de carácter e funcionalidade urbana e de núcleo rural, sendo denominado parcialmente polo rueiro municipal como Avenida de Lugo.

Este treito ten unha elevada densidade edificatoria, ademais, conta con beirarrúas e servizos urbanísticos como alumeado público e saneamento, polo tanto, trátase dun treito de viario que na actualidade conta cunhas



características funcionais, de servizo e de utilidade equivalentes ás propias dos viarios ou rúas municipais, servindo principalmente para o acceso ás edificacións e predios lindeiros.

Polo tanto, este treito xa non conta co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano”.

A proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade do itinerario do que forma parte, logo que o PQ 2+080 da EP-1001 Cangas – Coiro – A Madalena conflúe coa estrada provincial EP-1003 Rodeira - Boubeta, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia do treito sinalado polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Cangas, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 5 de outubro de 2022 , o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de catro millóns setecentos sesenta e seis mil seiscientos sesenta e sete euros (4.766.667,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa



administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Cangas dun treito da estrada provincial EP-1001 Cangas – Coiro – A Madalena, do PQ 0+000 ao PQ 2+080, de 2.080 metros de lonxitude.

O devandito treito da estrada incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Cangas tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.



Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello”.

12.7897.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- No punto 12. Asuntos fóra da orde do día. Non hai.

Non houbo.

b) Parte de información e control:

Sra. Presidenta.- Polo tanto, pasamos á parte de información e control.

13.7898.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2022 (EXPTES.- 2022068421 – 2022067382)**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro do 2022. Non habendo intervencións, dou por enterado ó Pleno.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de outubro de 2022, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 14 de novembro de 2022, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.



O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de outubro de 2022 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES OUTUBRO 2022

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Outubro	8,5403663211	4.555.799,36	11,7788661072	1.012.329,35	9,1291509118
Escola de Enfermería	Outubro	5,8364746791	2.585,41	0,0000000000	0,00	5,8364746791
Consorcio de Incendios e Salvamento	Outubro	23,2350449648	19.338,47	13,9889579847	24.619,60	18,0565882442
Consorcio Deza Tabeirós	Outubro	9,9405264400	7.157,13	12,0553300000	5.432,50	10,8530767167
TOTAL			4.584.880,37		1.042.381,45	9,2012327872

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2022 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

14.7899.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sra. Presidenta.- No punto 14. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Non habendo intervencións, dou por enterado ó Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 25 de outubro e 21 de novembro de 2022.

15.7900.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- Xa no último punto da orde do día, 15. Rogos e preguntas. Infórmame o Secretario, non tiña coñecemento de que, a deputada do Grupo Popular, María José Pardo Pumar, expón que a carretera de titularidade provincial EP-0017 se encontra en condicións, que en determinados puntos que devienen inseguros, particularmente no campo municipal de fútbol de Campañó e fai o rogo de que se proceda á instalación de farolas para garantir a correcta iluminación da carretera. Tomamos conta do rogo e lle informaremos tamén das decisións a adoptar. Non habendo máis puntos que tratar neste Pleno se levanta a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e cincuenta e oito minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

